

cultura

Xa está preparada a programación do auditorio para o primeiro semestre. **Pax. 7**

sociedade

A lotería fixo a súa parada en Lugo no Nadal e tamén no sorteo de Reis. **Pax. 9**

zona rural

A veciñanza de Segade fará máis protestas se non se arranxa a estrada. **Pax. 14**

economía

O Concello presenta o seu orzamento, o máis alto da historia. **Pax. 20**

deportes

Analizamos a competición ligueira, que se retomou logo de dúas semanas de pausa. **Pax. 30**

Lara Méndez dimite para pelexar pola Xunta



Os orzamentos da Xunta, en detalle

Analizamos as contas da Xunta previstas para 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. **Pax. 2-3**

Quecen motores para a cita electoral

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas. **Pax. 12**

Aprobado o Plan Deputación por 21,7 millóns

O novo documento substitúe ao Plan Único para as axudas aos 67 concellos. **Pax. 21**

Airiños de Orbazai



Entrevista a Javier Pajón, coordinador do colectivo musical. **Pax. 6**

Reportaxe



Queres saber cales son os nomes propios máis habituais na provincia? **Pax.11**

San Xoán de Tirimol



A asociación conta con máis de cen membros. **Pax. 14**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

A FONDO

Os orzamentos da Xunta, en detalle

A comunidade galega é a primeira coas contas en vigor dende o 1 de xaneiro. Estes son os orzamentos da provincia

Galicia convértese na primeira comunidade en aprobar os seus orzamentos para o 2024, que ascenden a 13.257 millóns de euros. "Garanten o crecemento estable; consolidan todas as rebaixas de impostos en vigor e inclúen novos incentivos fiscais; reforzan o gasto social e os investimentos e todo iso sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos", explican desde a Xunta. Segundo o Goberno, refórzanse os servizos públicos e séntanse as bases do crecemento e do emprego futuros.

SANIDADE

Un ano máis a consellería con maior dotación volveu ser Sanidade, ao recibir 218 millóns de euros máis, un incremento do 4,4 % respecto ao ano 2023, e situarse en 5.191 millóns de euros.

Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece nun 2,3%". As deputadas autonómicas do PP na comarca de Lemos, din que "é un claro exemplo de que a Xunta continúa apostando pola continuidade deste centro sanitario", subliñan. Para a deputada do BNG "as inversións en Sanidade non parecen suficientes xa que as carencias na Atención Primaria ou tamén no Hospital de Monforte merecerían unha especial dotación". Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario supón unha renuncia a introducir as melloras que necesita a Sanidade Pública Galega para resolver os graves problemas que a afectan". E no gasto na Atención Primaria din que o "o gasto crecerá soamente en 56 millóns de euros, un 3,5% respecto ao 2023. Pois se descontamos a inflación o gasto descende realmente un 18,6 %. O gasto para Atención Primaria queda no 14,2% do total sanitario, moi lonxe



Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública

do obxectivo do 25% recomendado polas organizacións profesionais e a OMS". Por outra banda a plataforma SOS di que á formación do persoal tan só se destinan 77 millóns, un 1,5% do total, "absolutamente insuficiente para formar aos traballadores sanitarios que necesitamos".

RURAL. Segundo datos facilitados polo Sergas, a provincia lucense conta con 73 centros de saúde, 11 consultorios e 1 Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo, o número de profesionais médicos para atendelos a todos é un dato que oscila en máis de 6.000 traballadores entre o persoal dos tres hospitais e dos traballadores dos centros de saúde, a administración pública di que "as cifras de persoal dispoñible varían día a día por baixas, permisos, vacacións, etc".

No rural lucense máis da metade dos médicos "vanse xubilar nos próximos 5 ou 6 anos polo que o Goberno galego debería ter unha previsión do que se vai facer, pero non queren actuar", din desde varias plataformas sanitarias, "e a poboación rural é a que máis a precisa a atención médica xa que as persoas maiores son as que viven nestas localidades tan dispersas, e moitas veces teñen problemas para

desprazarse"

"O que necesitamos é achegar a atención sanitaria a toda a poboación, pero se desaparece supón un risco para todos", sinalan desde as plataformas, "somos a última comunidade no número proporcional de consultorios locais e pechalos suporía unha traba".

"Vemos positiva a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos para mellorar os servizos ferroviarios", din dende o BNG

LISTAS DE AGARDA. As listas de espera para a primeira consulta especializada non superan de media os 90 días, e nas listas de espera cirúrxica, a situación é moi similar. Outra cousa son as listas na consulta de Atención Primaria, nas que están arredor dos 7 días e incluso nalgúns centros chegan aos 15 días ou ao mes. Ademais con-

tan con moita disparidade entre os diferentes centros de saúde xa que faltan profesionais, sobre todo no rural. Estes datos de lista de espera cirúrxicas non se saben feacemente pois "o Sergas non publica as listas non estruturais, que son as de pacientes que rexeitan ser intervidos por razóns no atribuíbles ao sistema, é dicir, que no queren ser derivados a outros centros nin a outras áreas por diferentes motivos", din desde a Plataforma.

EDUCACIÓN

A Consellaría de Educación e Cultura manexa a segunda cifra máis alta, por detrás de Sanidade. Porén e como acontece cos orzamentos en materia de saúde pública, os presupostos de Educación medran por debaixo da media xeral, que se sitúa nun 5 %, mentres que a Consellaría que leva esta área crece un 2,8 %, quedándose con 2.976 millóns de euros.

Esta cifra supón unha inversión de máis de 82 millóns se comparamos co ano 2023, período no os fondos dispoñibles en materia educativa subiron un 5,2 %. De feito, no capítulo de inversións reais mesmo chega a baixar uns 7 millóns sobre o 2023. A dixitalización do sistema educativo, a busca da eficiencia enerxética e potenciar a FP pasan a definir as actuacións da Xunta para este novo ano.

MELLORA DOS CENTROS. Os orzamentos destinados ás actuacións de mellora nos centros educativos superan os 56 millóns de euros. Neste grupo inclúense a adquisición de equipamento e mobiliario, as obras para mellorar e integrar as enerxías renovables, así como as obras de rehabilitación e ampliación dos CIFP e dos IES nos que se invisten máis de 32 millóns. Na provincia, contéplanse 2.080.000 millóns de euros para a rehabilitación integral do IES Lucus Augusti e outros 406.400 euros para

a Escola de Arte Ramón Falcón.

Dende a oposición valoran como un despropósito as novas contas. "Cada ano merma o aumento do orzamento por debaixo do que sube a inflación ou o IPC e vaise acumulando esa diferenza. De feito, temos calculado sobre 644 millóns soamente na parte do ensino público con respecto aos últimos 14 anos", explica a deputada do BNG, Cristina Fernández Davila. Neste senso, o portavoz do Grupo Socialista, Luís Álvarez, criticou que o presidente da Xunta estea a anunciar "melloras que non se reflicten nos Orzamentos da Xunta para 2024 e que van ser inexistentes". Álvarez asegurou que coa entrada en vigor dos presupostos "a cidadanía seguirá agardando días por unha cita en Atención Primaria, continuará habendo déficit de profesores e de persoal nos centros educativos".

TRANSPORTE ESCOLAR. Dirixense máis de dous millóns de euros para o transporte escolar e os comedores sociais, incrementando así en 405.076 euros os fondos destinados ás ANPAS e aos concellos para sufragar estes servizos. Esta cantidade complétese coas partidas da Consellería de Mobilidade ata os 123,1 millóns de euros. Porén, o BNG insta ao Goberno da Xunta a revisar a ordenación das rutas de transporte escolar e as súas paradas, que ocasiona problemáticas para as familias e o estudantado. Así acontece na parroquia de Torés nas Nogais, que teñen adscrito o IES de Becerreá, pero que para dirixirse ao centro deben percorrer os 14 quilómetros ata As Nogais por unha estrada de montaña e logo facer transbordo para percorrer os 8 quilómetros que os separan de Becerreá.

PROFESORADO. Nos orzamentos inclúese o acordo de mellora da educación, firmado por CCOO, ANPE e UGT, e polo que se reducen os ratios

●	UNIVERSIDAD Grado en:			●	ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL			
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II			
	BIOQUÍMICA	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA			
Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos		Matemáticas - Física Química - Lengua Gallego - Inglés Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	●	ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAY	
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es			

de alumnos e se suben os sexenios do persoal docente, entre outras medidas. Porén, as prazas de profesorado continúan a ser unha das cuestións polémicas nestas novas contas e que denuncian tanto as formacións políticas como os sindicatos. Tal e como figuran nos presupostos, Galicia contará con 30.424 profesores no ano 2024, cifra que se mantén con respecto ao exercicio anterior e que cae en 866 prazas se se compara coas contas do 2022. Por iso, dende a CIG-Ensino denuncian que “a oferta pública de emprego anunciada no último Consello de goberno da Xunta” non vai “ter ningún efecto nos fondos destinados á contratación de persoal docente”. Aínda que a natalidade cae e o persoal docente se mantén, dende CCOO tamén sinalan unha falta de prazas. “A OPE anterior foi de estabilización, a xente que estaba traballando como substitutos e interinos pasaban a ser funcionarios de carreira, non variaba o número. Este ano botamos en falta as prazas de reposición do 022 que non foron na convocatoria pasada”, explica Luz López, secretaria xeral da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

BENESTAR

Con respecto ao ámbito do benestar social, representado pola Consellería de Política Social, este ten o maior aumento porcentual nos orzamentos, xa que sobe un 11,9 %, alcanzando os 1.205 millóns de euros.

DEPENDENTES E MAIORES. Nos orzamentos que se inclúen no ámbito de Política Social, contémpanse 540 millóns de euros para a atención a maiores e a mellora dos servizos sociais sociocomunitarios. Na actualidade, hai máis de 73.000 persoas dependentes que precisan de recursos de atención diúrna ou atención residencial. Por outra parte, a ampliación de capital en Política Social inclúe 97 millóns de euros destinados á nova prestación de 5.000 euros anuais, o Bono Coidado no Fogar.

Así mesmo, para aquelas que precisen de atención as 24 horas do día, créase un complemento, o Bono Residencia. Por outro lado, os orzamentos tamén reforzan o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para aumentar o número de horas e cumprir os acordos asinados coa Fegamp.

Nesta liña, tamén se contemplan 4,7 millóns de euros para estender a rede de casas do maior para chegar a máis concellos do rural e garantir o funcionamento das 125 que están en marcha nestes momentos, así como os 18,5 millóns de euros do Plan de investimentos da Xunta para as novas residencias e centros de día de titularidade municipal. Tamén se dedicarán 12 millóns de euros para executar obras de mellora para adaptar as residencias públicas autonómicas ao novo modelo de coidados.

Ademais, faise unha provisión de 800.000 euros para o programa de Respiro Familiar, a través e vólvense destinar 3 millóns de euros para ofrecer un apoio de 12.000 euros ao ano a todas as persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA).

DISCAPACIDADE E XUVENTUDE. Os orzamentos da Xunta contemplan 172 millóns de euros para a atención á discapacidade, que supoñen un 4 % máis que no exercicio vixente. Tamén aumentarán nun 50 % as axudas para o tecido asociativo só no sector da discapacidade, e resérvanse outros 7 millóns para ampliar a rede galega de atención temperá.

No ámbito da xuventude, dedícanse preto de 2 millóns de euros ás iniciativas ‘Xuventude Mentoring’ e ‘Xuventude Mentoring na Empresa’.

Ademais, aumentan ata os 800.000 euros, as axudas para sacar o carné de conducir. Por outro lado, 4 millóns de euros destinaranse para os programas e as propostas que se desenvolven nos 12 Espazos Xoves da Xunta. Con respecto ás partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, estas soben ata sumar 242 millóns de euros e incrementábase o orzamento destinado a financiar a gratuidade en



Deseño 3D da futura intermodal de Lugo

todas as escolas infantís. Ademais, destínanse 3 millóns de euros para as ampliacións da rede de casas niño. Outros 31,4 millóns de euros serán para apostar pola Tarxeta Benvida como apoio económico para as familias que teñan un fillo, e atenderanse a todas as solicitudes do Bono Concilia Familia. No ámbito da protección de menores, o orzamento incrementa os fondos para o acollemento familiar, e para os servizos de

Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e a Xunta “segue sen artellar un plan industrial

protección á infancia, sen esquecer a Inclusión Social e as Axudas de Inclusión Social.

INFRAESTRUTURAS

As contas recollen unha previsión de investimento que se achega aos 600 millóns de euros, 14 máis que o ano pasado. Polo tanto, a Axencia Galega de Infraestruturas volverá ser o departamento con maior orzamento, a

Dirección Xeral de Mobilidade incrementa o seu presuposto ata os preto de 164 millóns, e Augas de Galicia, pola súa banda, contará cun orzamento de 140 millóns de euros, que permitirán seguir coa colaboración técnica e financeira cos concellos para reforzar os sistemas de saneamento e depuración.

TRANSPORTE GRATIS. Nas contas vérase reflectido unha medida nova: a gratuidade do transporte público da Xunta para os maiores de 65 anos. Tamén se manterá a gratuidade para menores de 21 anos. A aposta polo transporte público tamén se verá reflectida na mellora dos equipamentos e servizos. Destaca aquí o investimento para as intermodais, como os 5,8 millóns para a de Lugo.

Aínda que hai satisfacción xeral por esta infraestrutura, non faltan as voces que din que “é necesario que xunto ao investimento previsto se avance tamén na modernización das vías”, como insistiu o nacionalista lucense Rubén Arroxo. “Vemos positivo que por fin se active a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos importantes para mellorar os servizos ferroviarios que Lugo necesita, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías”, insistiu.

VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS. Tamén se reserva unha partida de 40 millóns

para as vías de altas prestacións e acondicionar estradas. Destaca o investimento de 4 millóns para a VAP da Costa Norte ou para a segunda fase de conversión da VAP Nadelas-Sarria. Os orzamentos sinalan, continuarase coa execución de variantes de estradas ao seu paso por núcleos de poboación como a Rolda Leste de Lugo. Avanzarase na mellora de estradas autonómicas, como a LU-540. A partida da Rolda Leste está en unha situación complexa pola falta de acordo dos partidos que consideran o trazado unha agresión a esta zona natural. Esta infraestrutura está a ser unha moeda de intercambio mentres os cartos quedan parados.

XESTIÓN DA AUGA. En canto aos investimentos previstos por Augas de Galicia, estes irán orientados a coidar e preservar este ben vital. Para o apoio aos concellos nas súas competencias de depuración e saneamento, resérvanse 85 millóns de euros. A estar mellor preparados fronte á seca e ter garantidas reservas de auga destinaranse 23 millóns, con actuacións para mellorar abastecementos municipais e medidas encamiñadas a aumentar as garantías de existencia de recursos para cubrir o abastecemento reservando os caudais ecolóxicos. Como nova medida, recóllese a creación da Escola da Auga, cun plan de formación para o persoal técnico dos concellos, das empresas xestoras, usuarios etc.

Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e que a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia, unha medida que levan moito tempo reclamando os socialistas. Para os partidos na oposición, os orzamentos, en materia de infraestruturas esquecéronse de obras de importancia para a provincia, como a nova EDAR para Barreiros, a construción dos polígonos industriais que demandan Muras, O Valadouro, Riotorto e a terceira fase do parque empresarial de Barreiros que xa está ocupado ao 100%.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito

LUGO

Lara Méndez dimite para acompañar a Besteiro na candidatura á Xunta

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, confirmou nunha conferencia de prensa o pasado día 8 que dimitirá do seu cargo, tal e como avanzaban os comentarios desde cedo, para presentarse como número 2 da lista socialista de José Ramón Gómez Besteiro, nun proxecto que cualificou de “moi necesario”.

“Son moitos anos vendo como as políticas do Partido Popular na Xunta de Galicia prexudican moito á nosa cidade e tamén a Galicia. Neste anos non temos avanzado nada, no hai directrices desde a Xunta que axuden ao desenvolvemento de Lugo. Trátese dun goberno cortoplacista, con moitas eivas”.

A alcaldesa asegurou que o PSOE “leva o mellor candidato, que vai dar o mellor de si mesmo” e quere sumarse ao proxecto para axudar a Lugo.

“Creo na vitoria do proxecto de José Ramón e creo no proxecto para transformar a nosa comunidade autónoma. Lugo ten que ser unha cidade de oportunidades e Galicia tamén”, engadiu. “Lugo ten un modelo de cidade claro e consistente e José Ramón entende e vai apoiar”.

A alcaldesa, que se emocionou cando lembrou os nove anos que leva á fronte da Alcaldía “priorizando a cidade por riba de todo, incluso da familia”, mostrou o seu apoio incondicional a Besteiro e destacou o traballo dos seus compañeiros de Corporación “para seguir intentando desbloquear eses grandes proxectos que necesita a cidade e sobre todo



para poder conseguir máis proxectos de futuro”.

Lara Méndez deixará a Alcaldía nos próximos días, antes do 15, pero asegurou que “mantén o compromiso e o manterá sempre”.

Non avanzou quen a sucederá na Alcaldía pero afirmou que seguirá a Corporación actual, á que se suma Ángeles Novo. “Temos un equipo moi cohesionado e preparado, que defende un modelo de cidade referente a nivel internacional e á vangarda”, dixo e asegurou que o sucesor ou sucesora será elixido por un comité estes días.

Lara Méndez avanzou que xa falou cos socios de Goberno e “hai un acordo programático polo que o pacto segue adiante”.

Á espera dos prazos administrativos, a cidade quedaría gobernada de forma interina polo nacionalista Rubén

O PP di que Méndez usou o Concello de trampolín á Xunta

Os populares manifestaron o “seu respecto á decisión persoal de Méndez de dimitir” pero dende o punto de vista político consideran que “acredita que Méndez empregou o Concello como trampolín para facerlle oposición á Xunta en vez de gobernar para a veciñanza”. A renuncia de Méndez certifica “o uso das institucións que está facendo o PSOE sempre que ten ocasión, dende La Moncloa ata o Concello de Lugo” e confirma que “a alcaldesa antepuxo ao interese xeral as súas metas persoais e políticas, como a preparación da súa candidatura ao Parlamento Galego”.

Diante desta situación estamos preocupados “pola orfandade coa que queda a institución municipal deixando entrever problemas internos no PSOE e a un BNG absolutamente noqueado que certifica que estamos diante dun goberno en descomposición, que non cre nin en Lugo nin nas súas propias posibilidades como xestores”. Avanzan que esta decisión tamén explica “as constantes mentiras” no que a xestión da Xunta se refire xa que “en ningún momento a Lara Méndez lle importou resolver, unicamente estaba intentando danar a imaxe da institución”.

BIOGRAFÍA

- Naceu en Suíza en 1972 e é Enxeñeira Técnico Agrícola.
- Desenvolveu durante preto de dez anos a súa carreira profesional en diversos ámbitos, relacionados fundamentalmente co sector agrario e ambiental.
- Iniciouse politicamente como membro de Xuventudes Socialistas, formación da que foi Secretaria Xeral en Cervo. Tras pasar por distintos cargos no partido, na actualidade é membro do Comité Federal do PSOE e presidenta do partido na provincia de Lugo.
- Foi concelleira 12 anos en Cervo e vicepresidenta da Deputación entre 2007 e 2015, ano no que tomou posesión como alcaldesa de Lugo.

Arroxo, xa que Méndez, para incorporarse á candidatura, deberá abandonar a Alcaldía de forma inmediata, aínda que podería manter a acta de concelleira.

Lara Méndez é a alcaldesa de Lugo desde o ano 2019, cando recibiu o bastón de mando de mans de José López Orozco.

BNG. O portavoz do BNG e tenente alcalde, Rubén Arroxo, afirmou que o BNG seguirá a traballar no proxecto de cambio que se iniciou hai 4 anos e medio. Dixo que “todo o mundo pode ver o cambio que está a experimentar Lugo nos últimos anos”, e explicou que o BNG mantén intacto o compromiso para continuar coa labor de facer de Lugo un lugar mellor. “Poden cambiar as persoas, máis o proxecto de cidade segue en pé”, afirmou Arroxo.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD










COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Investigación e titulacións son os novos retos para o Campus Terra

A creación dun centro de investigación de referencia multidisciplinar e integrador que acubille parte da excelencia investigadora do campus de especialización da sede universitaria luguesa, xunto co afianzamento do modelo de titulacións, son os principais retos do Campus Terra para o ano 2024, tal e como pon de manifesto a comisión Reitora deste campus de especialización da USC localizado en Lugo.

Os integrantes do máximo órgano de supervisión do Campus Terra da USC referendaron na súa última xuntanza, presidida polo reitor Antonio López, os avances experimentados e o total grao de cumprimento dos fitos marcados para este campus de especialización da USC desde a súa aprobación e posterior posta en marcha por parte da Xunta de Galicia. A memoria de actividades presentada pola delegada do Reitor da USC para o Campus Terra, Elvira López Mosquera, serviu para dar conta das distintas accións desenvolvidas ao longo do ano 2023 co fin de favorecer e incrementar a captación de alumnado e ampliar os programas de formación cunha nova proposta de mestrado en Biotecnoloxías Moleculares, así como para dar visibilidade a outras iniciativas orientadas a potenciar a calidade



da docencia a través de cursos de formación para o profesorado, a dotación de novos equipamentos para prácticas nos distintos centros ou a obtención dos selos de calidade internacional EAEVE e EUR-ACE, por parte da Facultade de Veterinaria e da EPS de Enxeñaría, respectivamente.

A aposta pola inserción laboral do alumnado cunha oferta formativa transversal para estudantes de grao e mestrado e tamén mediante programas de prácticas remuneradas en empresas ou institucións asentadas no rural, supón outra das fortalezas advertidas no Campus Terra da USC, un campus de especialización que, ademais de cumprir e mellorar todos os parámetros establecidos como condicións obrigadas desde a súa creación, atopa na investigación e na transferencia aos

sectores produtivos dúas das súas principais fortalezas.

A investigación capitaliza o 63,5% dos catro millóns de euros de financiamento habilitado pola Xunta para o Campus nesta nova etapa. Esta importante consignación económica fixo posible desenvolver preto 70 accións directas no ámbito da I+D+i que se traducen na concesión de máis de 40 bolsas de inicio á investigación, 12 contratos predoutorais e 4 posdoutorais por un período de 3 anos, así como no financiamento de estadias no estranxeiro, axudas posdoutorais de inicio a investigación, a promoción de proxectos colaborativos que sortean a "atomización" de grupos de I+D do campus, ou, entre outras achegas, a incorporación de investigadores doutores a través dos programas Ramón y Cajal ou Beatriz Galindo.

O Vello Cárcere incorpora un servizo de audioguías



A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, acudiu ata as instalacións do Vello Cárcere onde se acaba de incorporar o servizo de audioguías e que está dispoñible en catro linguas distintas: galego, castelán, inglés e italiano.

A través dun percorrido numerado por distintas estancias, e axudados por un dispositivo, "as persoas que visiten O Vello Cárcere poderán coñecer os datos históricos máis relevantes deste emblemático edificio", explicou Maite Ferreiro. A información estará tamén dispoñible e á disposición do público a través dun

sistema de código QR, para o que tan só é necesario un móbil intelixente. "Deste xeito, poderase escoller entre empregar un dispositivo de audioguía propiedade da sala, ou ben o teléfono persoal de cada un", indicou a concelleira de Cultura.

Ferreiro non quixo esquecer o servizo de visitas guiadas e gratuítas que xa se ofrecen, "unhas visitas que son o piar dentro das actividades de divulgación do Centro e que converte todas as fins de semana ao Vello Cárcere nun espazo temporal de aprendizaxe grazas ás grandes profesionais coas que aquí contamos".

Apoio de máis de cen colectivos

O Movemento Cívico Campus Lucense, impulsado pola Federación Provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti e polo colectivo Galicia Baleira, continúa co seu programa de traballo enviando manifestos de apoio para que non seu supriman titulacións no campus de Lugo.

Ata o momento, un total de cen colectivos xa o firmaron. Entre eles figuran varios concellos. Tamén así o fixeron outras asociacións veciñais que non están dentro da Federación,

como as de Bóveda, Carballedo, Pantón ou Cervantes.

Tamén destacan outros importantes como Amigos do Patrimonio de Castroverde ou Territorio Verde, entre outros moitos colexios profesionais, concellos, sindicatos, entidades agrarias, sociais, empresariais, culturais ou deportivas, plataformas, anpas, etc.

O movemento cívico manterá a súa reunión co reitor da USC no mes de xaneiro, e tamén se reunirán nese

mes coa alcaldesa e o presidente da Deputación. Si que agardan pola resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O Movemento Cívico Campus Lucense insiste nas súas reivindicacións que se recoñeza a singularidade do campus lugues, unha rebaixa da ratio mínima de alumnos por titulación, establecida en 45; a defensa de manter as clases presenciais e non compartir os últimos cursos dos graos con outros campus.

Premio para 3 alumnos de arte da cidade

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a resolución dos premios fin de carreira para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores e dos premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza, e de artes plásticas e deseño.

Os galardóns de fin de carreira recoñecen o labor do alumnado que rematou brillantemente os seus estudos conducentes a unha titulación superior de ensinanzas artísticas no curso 2022/23.

A listaxe de beneficiarios inclúe a Pablo Rodríguez Regueiro, estudante de Deseño de Interiores na Escola de Arte Ramón Falcón.

No que atinxe aos premios extraordinarios, distinguen o traballo de alumnado que finalizou as ensinanzas profesionais de Música, de Danza ou de ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas.

En Lugo os premios foron para Ignacio Illán Sastre, estudante de danza contemporánea no Conservatorio de Lugo, e para María Isabel Vázquez Rodríguez, alumna de cerámica artística na Ramón Falcón.

**AZULEJOS Y
PORCELÁNICOS
DESDE 4€**

**MUEBLES DE BAÑO
DESDE 99€**

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

**outlet
sótano**

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIAL LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

**LIQUIDACIÓN
DE STOCK ANUAL**

(Sólo hasta el 15 de enero)

SÓTANO OUTLET
681 19 36 05 - 982 30 46 00
CONTURIZ - LUGO
www.sotano.es

Lugo acollerá en xullo unhas xornadas sobre educación e museos

A Rede Museística Provincial acollerá do 3 ao 5 de xullo as Xornadas Internacionais sobre museos e educación, na que se exporán experiencias para difusión de patrimonio e cumprimento dos dereitos culturais desenvolvidas nunha decena de museos do Estado entre os que figuran o Museo do Prado, o Museo Arqueolóxico ou o Museo de Altamira, o Museo do Pobo Galego ou o Museo de Pontevedra.

No encontro, con sede compartida entre os catro museos provinciais, daranse a coñecer materiais e estudos que se están a desenvolver nestes meses por parte dunha ampla rede de investigadores universitarios, profesorado de secundaria e xestoras de museos e que teñen como obxectivo promover mudanzas no enfoque da educación histórica con novas narrativas a partir do patrimonio dos distintos museos.

A Rede Museística Provincial participa no proxecto xunto ao Museo do Prado, o Museo Arqueolóxico, o Museo e Centro de Interpretación de Altamira, Museo de Arqueoloxía

Subacuática, o Museo de Pontevedra, o Museo do Pobo Galego, o Museo Memoria de Andalucía e o Museo de Murcia. Desde o ámbito universitario, ademais da Universidade de Murcia, que coordina a iniciativa, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Valladolid, Universidade de Castilla La Mancha, a Universidade de Granada, a Universidade de Almería e a Universidade de La Laguna.

Os museos achegan ao proxecto unha selección de obras que permiten abordar temáticas sociais como a diversidade funcional, o papel da escravitude na situación das persoas racializadas, a diversidade sexual e de xénero, as migracións, os dereitos laborais, os roles de xénero e os coidados ou a influencia da tecnoloxía, entre outras.

En función desa escolma de obras, deseñaranse situacións de aprendizaxe para aplicar nas aulas e, posteriormente, avaliar o seu impacto no alumnado. Esa transferencia de coñecemento articularase a través dun curso en liña.



“Agora estamos no proceso de gravación do noso segundo disco”

Javier Pajón é o coordinador do colectivo Airiños de Orbazai

Os veciños da parroquia de Orbazai reúnen-se en torno a música e o baile tradicional no grupo Airiños de Orbazai, que leva máis de dez anos traballando pola recuperación e difusión desta demostración da cultura tradicional.

Como foron os comezos?

A asociación fundouse no 2010 entre varios veciños da parroquia que se xuntaron para tomar clase de baile, gaita e pandeireta, e foi xa no 2011 cando se formou o grupo de música tradicional e canto. Na parroquia de Orbazai durante o magosto, Entroido e outras citas, a asociación de veciños traballaba moito por fomentar as festas, facer a comida de veciños e sempre había un grupo pequeno de persoas que tocaban e acompañaban as festas con música. A raíz disto xuntáronse para facer na parroquia un grupo e comezar a dar clases. Comezou como unha iniciativa da xente que xa sabía tocar para ensinar a aquela xente que non sabía e a cousa foi medrando e evolucionando ata agora, cada vez había máis interese e foise consolidando o grupo.

Que tipo de actuacións realizan?

Co grupo de canto, que é o máis numeroso, o que facemos é música tra-

dicional con mestura. Non facemos música tradicional con gaita, bombo e tamboril senón que mesturamos con acordeón, chelo, guitarras ademais claro das pandeiretas, bombo ou tamboril. Moitas das actuacións que realizamos están vinculadas ao programa da Deputación de Tradigalu que leva xa varios anos fomentando a música tradicional. Unido a isto tamén facemos intercambios entre asociacións, por exemplo nós facemos unha foliada o primeiro sábado de xuño e invitamos a diferentes asociacións e grupos e despois devolvemos a visita cando fan eles os seus festivais.

Canto hai que organizan a foliada?

A primeira organizámola en 2011, salvo o parón da pandemia, ata agora. Tivo unha moi boa acollida e co auxe da música tradicional cada día imos a máis, na última edición xuntáronse case 400 persoas para comer.

Si que notan que hai un aumento do interese na música tradicional?

Si, si, levamos uns anos a raíz da pandemia que o efecto Tanxugueiras unido a aposta que hai dende a Deputación co actual goberno pola música tradicional está facendo que estemos a vivir un novo rexurdir e un

gran interese por parte do público.

Como seleccionan o repertorio?

Por unha parte coas aportacións de Luís, o noso profesor, e Begoña, que toca o acordeón e levan toda a vida na música, e por outra chegando a un consenso. Nos ensaios cada persoa comenta se quere facer versión dalgunha canción e Luís e Begoña fan os arranxos musicais e van adaptando as cancións aos instrumentos que hai no grupo. Facemos unha adaptación da música pero aínda non nos embarcamos na aventura das letras de creación propia.

Cando se xuntan para ensaiar?

Como grupo ensaiamos todos os martes e despois os sábados realízanse diferentes clases. Ao saír da pandemia crecemos moito e agora a maiores dos ensaios do grupo temos outro de cantareiras, un de pasarrúas e damos clase de baile tradicional, gaita e percusión. Na actualidade contamos con máis de noventa alumnos onde a persoa máis pequena que temos é un rapaz de catro anos que empezou este curso en pandeireta e baile e o máis maior ten oitenta e dous anos.

Que é o que máis disfrutan?

Todo, temos moi bo ambiente entre todos, non é que sexamos grandes músicos pero sempre o intentamos pasar ben. Ademais da foliada facemos varias comidas e ceas ao ano, xuntámonos e pasámolo moi ben tocando e cantando xuntos.

Que proxectos teñen para o futuro?

Pois agora mesmo estamos no proceso de gravación do segundo disco, sacamos un no 2016 e estamos gravando de novo. Decidimos parar durante novembro, decembro e xaneiro coas actuacións e aproveitar as fins de semana no estudio de gravación. Xuntar tanta xente é complicado entón traballamos por etapas e en grupos máis reducidos, é un proceso lento pero esperemos que seguro.

Para cando estará o disco?

En xaneiro remataremos a gravación e contamos que estea listo para antes do Entroido xa en formato físico. Gustaríanos xa de cara a primavera ter o disco para promocionarnos e que a xente poda disfrutalo.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com



INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Poligono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

Presentan a programación do auditorio para o primeiro semestre

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou a programación teatral que terá lugar no Auditorio Municipal durante os primeiros meses de 2024. Maite Ferreiro explicou que “contamos con máis de 20 actividades culturais con contidos para todos os públicos, que terán lugar entre o 11 de xaneiro e o 18 de maio”.

“Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas na Galiza, que serán o fío condutor da programación, e

contaremos tamén con obras internacionais de calidade contrastada”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez, traendo a Lugo o mellor do teatro e da danza galega xunto cunha cuidada selección de propostas premiadas en importantes festivais”.

A programación inclúe 22 actividades, con 11 propostas para público adulto, 7 enmarcadas no ciclo Lugo en Danza, e 11 para público familiar.

Para acceder ao recinto será preciso adquirir entrada no portal entradas-lugo.es ou de maneira presencial na oficina municipal de turismo, cun prezo de 5€ nas actividades para público adulto e 3 nas actividades familiares. Ademais haberá bonos a un prezo de 48€ nas actividades para público adulto e de 20€ para as actividades adicadas a público familiar, que permitirán acceder ás distintas actividades. No caso do ciclo Primeira Infancia, o bono terá un prezo de 10€ e para as actividades de danza do ciclo LED, 18€.

PROGRAMA DE XANEIRO A MAIO

TEATRO ADULTO

- 11 xaneiro, 20:30h. *Hasta que la muerte no separe*. [IN]Constantes Teatro.
- 18 xaneiro, 20:30h. *O pequeno poni*. Redrum Teatro.
- 25 xaneiro, 20:30h. *Entrega en man*. Contraproducións.
- 1 febreiro, 20:30h. *Soños*. Artefeito.
- 4 febreiro, 18:30h. *Boa sorte, mala fama*. Tarabela Creativa.
- 8 febreiro, 20:30h. *Asfixia*. Vórtice Escénico.
- 15 febreiro, 20:30h. *Deadpan Karaoke*. Ibuprofeno Teatro.
- 22 febreiro, 20:30h. *Vía Morta*. Culturactiva.
- 4 abril, 20:30h. *Cancións amarelas, flores tristes*. Manekineko.
- 11 abril, 20:30h. *Iribarne*. Butacazero.
- 18 abril, 20:30h. *Noso*. Os Náufragos Teatro.

- 25 abril, 20:30h. *Made In Galiza*. Sarabela Teatro.
- 2 maio, 20:30h. *4x4*. Ron Lalá Teatro.
- 16 maio, 20:30h. *O auto do Castromil*. Producións Teatrais Excéntricas.

DANZA

- 14 xaneiro ás 20:30h. *Donas*. Calid Danza.
- 26 xaneiro ás 20:30h. *Sofá*. Marta Alonso Tejada.
- 9 febreiro ás 20:30h. *Vaivén*. Marcia Vázquez.
- 1 marzo ás 20:30h. *Outroira Nós*. Mevadeus.
- 5 abril ás 20:30h. *Inverno*. Companhia de Dança de Almada.
- 27 abril ás 20:30h. *Millo vello*. Ay Cariño.
- 3 maio ás 20:30h. *Ceibe*. Fran Sieira Danza.
- 18 maio ás 20:30h. *Afectos*. Kirenía Danza.

PRIMEIRA INFANCIA

- 28 xaneiro, 17h e 18.30h. *Daddoo, canto a la luna llena*. Cía La Clá. (2 Pases).
- 2 febreiro, 17h e 18.30h. *Alma*. Labú Teatre. (2 Pases).
- 28 abril, 16.30h e 18.30h. *Bajau*. Ponten Pie. (2 Pases).
- 5 maio, 17h e 18.30h. *Ñam*. Caramuxo Teatro. (2 Pases).

TEATRO INFANTIL

- 21 xaneiro, 18.30h. *Ándale! Bon Appétit!*. Teatro Ghazafellos.
- 11 febreiro, 18.30h. *A Illa da deslembanza*. Ártika Cía.
- 25 febreiro, 18.30h. *Castelao*. Culturactiva.
- 14 abril, 18.30h. *Monstros*. Producións Teatrais Excéntricas.
- 21 abril, 18.30h. *Mamut*. Markeliñe.
- 19 maio, 18.30h. *Nanai da China*. Pérez & Fernández.

A Deputación renova a cesión do Mapa de Fontán ao Lucus Augusti



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo renovou a cesión ao IES Lupus Augusti dun exemplar da primeira edición do Mapa de Fontán. A área de Cultura e o instituto lucense renovaron o acordo para manter a carta xeométrica de Galiza no centro de ensino lucense, cunha cesión por 10 anos, con prórrogas anuais ata un máximo de vinte anos, tempo no que o centro se fai responsable do seu uso, mantemento e conservación. O Mapa de Fontán formaba parte do material pedagóxico do instituto, que tivo a súa sede no Pazo de San Marcos ata os anos 50. Tras o traslado, o material foi esquecido na sede provincial. Localizado de novo, de xeito casual, e tras a restauración polo persoal do Museo Provincial de Lugo, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo promoveu en 2009 a súa cesión ao centro educativo, devolvendo o material ao alumnado do IES Lucus Augusti. A carta xeométrica expónse desde aquela na entrada do instituto, onde ademais é visitado tamén por estudantes doutros centros educativos.

O Mapa de Fontán ou Carta Xeométrica de Galiza é un mapa fí-

sico de Galiza, realizado entre 1817 e 1834 polo xeógrafo e matemático Domingo Fontán (Portas, 1788 – Cuntis, 1866). Foi o primeiro mapa topográfico e trigonométrico feito en España con métodos científicos e medicións matemáticas (triangulación, altimetría barométrica, etc). Para cartografar Galiza, Domingo Fontán aproveitou os avances científicos da época e estableceu unha rede xeodésica, establecendo diversos puntos de medición e realizando neles todo tipo de cálculos astronómicos.

Para realizar esta carta, tivo que percorrer todo o territorio galego a pé e a cabalo. Nela catalogou, por primeira vez na historia, todas as igrexas das parroquias galegas. Recolleu tamén a totalidade dos accidentes xeográficos e acadou un nivel de detalle no mapa que non foi superado ata a aparición da cartografía por satélite nos anos 50 do século XX.

Divulgación

A Deputación de Lugo dispón doutro exemplar da primeira edición da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán, exposto no Pazo de Tor nunha sala recentemente renovada.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Máis de 300 nenos acudiron en decembro aos obradoiros

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, fixo un balance "moi positivo" da participación das nenas e nenos nos distintos obradoiros postos en marcha pola Tenencia de Alcaldía no MIHL, o Vello Cárcere, as Casas das Linguas e o Mercado Municipal. En total, máis de 300 nenas e nenos participaron nas distintas instalacións, "facilitando a conciliación e promocionando as distintas instalacións culturais, ademais do Mercado Municipal e a Praza de Abastos".

Nas cifras facilitadas por Rubén Arroxo viuse reflectida "a interese dos máis cativos por aprender en diversas materias e coñecer máis sobre a súa cidade". Así o reflicten os datos, con 30 inscritos nas actividades da Casa das Linguas, 127 nas do Vello Cárcere, 124 nas do Mercado e a Prazas de Abastos, e 50 naquelas impartidas dende o MIHL.

Arroxo insistiu na importancia de programar estas actividades xa que "axudan a estimular a súa creatividade e as súas habilidades sociais".

Convocan o concurso da Sociedade de Canaricultura

A Sociedade Lucense de Canaricultura organiza unha nova edición do Concurso Cantor Español, que se leva celebrando dende hai xa catro décadas. O evento terá lugar do 19 ao 21 de xaneiro.

O concurso, que conta coa colaboración da Deputación e do Concello de Lugo, será no centro cívico de Fingoi. Miguel A. Martín Espada formará parte do xurado.

A folga da limpeza supera os 80 días sen acordo



O persoal galego da limpeza de edificios e locais apostou por intensificar a loita para reclamar uns convenios provinciais dignos "ante o inmovilismo da patronal estatal Aspel, que teima en opoñerse a unha dignificación das condicións laborais". A folga indefinida xa superou os 80 días en Lugo e súmanse agora paros de 24 horas en Pontevedra e Ourense e tamén mobilizacións na Coruña.

A última proposta da patronal chegou o 28 de decembro, un oferta que cualificaron de broma xa que

é a mesma que xa estaba enriba da mesa cunhas pequenas modificacións: os incrementos dos anos 2022, 2023, 2025 e 2026 irían todos ao plus convenio mentres que a suba de 2024 iría toda a táboas.

A CIG-Servizos de Lugo denunciou un caso de "esquirolaxe" tras ter coñecemento de que unha empresa externa limpou o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) para a celebración dunha entrega de premios da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo.



Trixésimo aniversario da Fundación Rof Codina

A Fundación Rof Codina afronta o 2024, ano en que se cumpre o trixésimo aniversario da entidade, cun orzamento de 2,7 millóns de euros, unha contía que representa un incremento do 9% respecto as cifras do 2023 e que constitúe o presuposto máis elevado da súa historia, segundo aprobaron os integrantes do padroado da entidade na reunión celebrada en Lugo baixo a presidencia do secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro.

As previsións do incremento de ingresos pola prestación de actividade asistencial ao longo da próxima anualidade e o aforro derivado da internalización do servizo de limpeza son dos dous piares fundamentais que sustentan a elaboración do novo orzamento aprobado, segundo precisou o xerente da Fundación Rof Codina, Javier Ferreira, quen salientou que o presuposto da Rof Codina para 2024 medra na mesma proporción que os Orzamentos da USC, que tamén se incrementaron un 9%.

Ferreira trasladou aos membros do padroado da Rof Codina, no que teñen representación USC, Xunta de Galicia, Concello de Lugo e Deputa-

ción Provincial de Lugo, datos referidos ao traballo desenvolvido ao longo do presente exercicio, período durante o que, segundo indicou, a entidade aumentou un 10% os ingresos recadados pola prestación de servizos asistenciais, que pasaron dun millón de euros en 2022 a 1,1 millón de euros en 2023.

A culminación do proceso de internalización do servizo de limpeza, que xa será efectiva a comezos de 2024 logo de que a Fundación Rof Codina asumira como propio o persoal da empresa que desenvolvía este labor, permitirá un aforro de máis de 80.000 euros, o que significa unha diminución do gasto por este concepto do 25%.

A aprobación das contas da Rof Codina para o ano 2024 constitúen un paso máis para garantir a normalización da situación de todo o persoal da Fundación Rof Codina, subliñou Ferreira, ao tempo que recoñeceu que a transformación dos extintos bolseiros en contratos de Veterinarios en formación 'VIR' implicaron un significativo incremento dos gastos destinados por esta vía a Capítulo 1 (persoal), cifra que cuantificou en 111.000 euros máis.

HOMENAXE A CASTELAO



O BNG realizou un acto de lembranza no 7 de xaneiro, aniversario do pasamento de Daniel Castelao, xunto á estatua do autor, un dos asistentes á asemblea nacionalista do 1918. O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, foi o encargado de realizar a ofrenda floral.



NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanya 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com





OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Mulleres Empresarias entregou os Premios Son Muller 2023

A presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo, Anjhara Gómez Rodríguez, entregou no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) os premios Son Muller 2023 organizados por AELU. Estes galardóns que celebran a sexta edición, recoñecen a actividade empresarial de mulleres da provincia ao mesmo tempo que fomentan a súa participación no entorno económico e social de Lugo.

Anjhara Gómez felicitou a todas as participantes "pois presentaron proxectos innovadores, apaixonante e creativos o que demostran a implicación social e cultural e unha gran capacidade de adaptación á realidade económica que "nos inspiran a todas". Son Muller recoñecen o traballo da muller emprendedora, a muller empresaria e a muller empresaria rural. Con esta iniciativa dámoslles visibilidade porque entendemos o papel fundamental que xogan no desenvolvemento económico do territorio".

Na sexta edición dos Premios Son Muller cos que colaboran a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo, a Xunta de Galicia e Abanca recibíronse preto de 30 candidatu-



ras. Nesta gala na que tamén participaron autoridades da provincia e empresarias lucenses, repartíronse un total de 4.500 euros en premios e xogos de Matrioskiñas galegas deseñados especialmente para este certame por artesáns lucenses. Ademais todas as finalistas recibiron un galardón pola súa participación.

Na categoría Son Emprendedora o primeiro premio foi para Educohabitar e o segundo para Máisqueteatro. Finalistas foron Bebé Ratón, Super Intención Pro e Raquel Hermida.

Na categoría Son Empresaria gañaron FAW Books e Las Calas con Craft & Tea, Núñez-Torrón Asesores e Bar-

budos Peluquería Canina como finalistas. Na categoría Son Empresaria Rural os premios foron para Esencia Viva e María Folgueira. Finalistas foron Asesoría Mel, Tres Fuciños e Raquel Cuadrado.

RECOÑECIMIENTO ESPECIAL. Durante a Gala dos Premios Son Muller a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo realizou un recoñecemento especial a Beatriz Varela Regueira (Asín Formación) e distinguiu a súa longa traxectoria empresarial e profesional como muller referente no ámbito do emprendemento da provincia de Lugo.



O Gordo de Nadal e o Niño tocaron en Lugo

O Sorteio de Lotería de Nadal de 2023 volveu tocar a provincia de Lugo. De feito, unha parte do Gordo, o 88.008 o último premio en saír de toda a táboa, caeu na cidade de Lugo, que xa fóra premiada co segundo e un quinto premio. Nesta ocasión foi a administración da ronda das Mercedes a que vendeu algún dos décimos premiados do primeiro premio.

O segundo premio, o 58.303, tamén caeu na cidade de Lugo e foi vendido na administración de loterías de Fontiñas. Trátase dun premio moi repartido por toda a península.

Correspóndelle un premio de 125.000 euros por décimo.

Outro quinto premio, o 86.007, caeu na capital de Lugo, vendido tamén na Ronda Fontiñas. A Lotería do Niño non pasou desapercibida e tamén fixo unha parada na provincia de Lugo. De feito, algún décimo do gordo, o 94974, vendeuse en Viveiro, na administración da avenida Benito Galdecón. O premio é de 200.000 euros ao décimo.

O segundo, o 89634, só se repartiu en Madrid pero o terceiro, o 57033, tamén se vendeu en Lugo. Correspóndelle 25.000 euros ao décimo. Vendeuse en dúas administracións, na de Lamas de Prado, que foi protagonista tamén polo atraco que sufriron, e a de San Roque, no número 153.



¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

Servicios relacionados con el Kit Digital:


- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

**Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)**

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · www.aitorsl.com




red.es



Conversa con Lorena Lavandera, ilusionista

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Lorena é unha das poucas artistas polifacéticas que leva a cabo espectáculos nos que mestura maxia, música, poesía, humor... Naceu na cidade máis fermosa do mundo para ela, Tandil, no centro da provincia de Bos Aires (Arxentina).

Foron os teus pais os que che inculcaron o amor polas diferentes artes?

Por suposto. Eu, dende pequena, soñei con ser artista. Miña nai, modista de alta costura, tiña un espello moi grande nunha habitación que servía de probador para as clientas. E eu encerrábame para interpretar, cantar ou bailar diante del. Ademais, estaba meu pai, que sempre foi para min un orgullo.

O teu pai dedicábase á maxia?

Era un ilusionista, coñecido polo mundo como René Lavand. Para el, a maxia ben podería estar relacionada coa arte escura e coa feitiçería, pero tamén coa natureza, como o cheiro a herba mollada cando paseaba polo campo. Considerábase un creador de ilusións, facía soñar ao público que o vía. E iso é o que aprendín del: amor pola natureza, respecto polas diferentes artes...

Cando te decataches de que querías ser artista?

Cando era adolescente asistín a cursos de clown, de mimo na miña cidade, estudei canto... ata que as circunstancias da vida me levaron por outros camiños, deixando esquecida a miña vocación artística. Moito tempo despois, xa en España, cando coñecín ao meu actual marido hai dezaseis anos, a miña men-

te abriuse a outras cousas: teatro, música... Ver como gozaban outros artistas co que eles facían e poder vivir diso, é cando comecei a emocionarme.

Porén, foime moi difícil tomar a decisión de dedicarme profesionalmente a ela, que se produciu hai só ano e medio por diversos motivos: a presión de ser filla de quen son; polas miñas fillas que eran pequenas; polo meu traballo... Resultoume moi difícil. Pero este soño latexaba cada vez máis forte, viñame, dábalme de comer un pouco, outras veces deixábo durmir...

Sei que ti es unha moi boa actriz.

Grazas. Cando morreu meu pai paseino moi mal porque non puider despedirme del e, non aceptando esa circunstancia, empecei a sentirme mal e a sentir angustia, chegando a tomar medicamentos e autoimpoñerme como terapia asistir a clases de teatro e tango. E nunca fora a clases de teatro como tal e foi alí onde descubrín unha paixón desenfreada. Lembro que a miña primeira actuación foi recitar un poema escrito polo grupo Hipócrata Teatro, sobre unha versión de 'Don Juan e Doña Inés', e saín nerviosa, pero, por outra banda, estaba moi segura do que quería facer e cando rematei sentíame como na casa, coa sensación de que estivera no meu lugar. Desfrutei como ningún outro traballo!

Outra cousa que lle debes ao teu pai é coñecer ao teu marido.

Si. No ano 2006 meu pai invitoume a acompañalo nunha xira por Canarias e Portugal. Nesta viaxe o meu pai presentoume a un dos seus anfitrións, o seu amigo e tamén ilusionista, o Mago Rafa. Namoreime e, por iso, vivo en Lugo.

E que te levou a cumprir o teu soño, a unha idade tardía?



Polas responsabilidades da vida que me levaron a emprender outros camiños e o meu soño de querer ser artista seguiu sendo só iso, un soño. Ata que perdín o meu traballo ao rematar o meu contrato nun supermercado. Eu non podía deixar un traballo para perseguir ese soño, a pesar da miña insatisfacción.

E que te fixo tomar a decisión final?

Pois cando quedei no paro, pensei que era a oportunidade de facelo, agora ou nunca!. Así que, aproveitando unha oferta do noso amigo Dani Polo, organizador do festival "Galicia ilusiona", para facer un espectáculo familiar de cincuenta minutos, por fin, cheguei a cumprilo. E

moi, moi contenta. Non me arrepinto, senón que animo aos rapaces e rapazas que teñan esta vocación artística que cumbran cos seus soños e non tardar coma min. Ademais, en Galicia a maxia é considerada unha arte escénica e podemos entrar nos circuitos de teatro.

Que espectáculo é?

Rafa e eu o deseñamos tomando un café. En dúas horas e media xa tiñamos a idea do que quería facer, cal sería o fio condutor e que xogos de maxia realizar. E así naceu 'A vida mesma'. estreada en agosto de 2022 e que se desenvolve ao longo das diferentes etapas da vida, desde a infancia ata a vellez, coas súas

cousas positivas e as súas negativas, tendo cada etapa unha ilusión ou xogo de maxia. A miña finalidade, ademais do entretemento, é que o espectador poida levar algo diferente, tocando as emocións. E aínda que me gusta moito traballar para nenos, interésame especialmente tocar a fibra dos adultos. Despois, en outubro estreei 'Milagro Verde', un número para presentar en galas, no que lembro momentos dende a miña infancia ata hoxe. É unha homenaxe ao meu pai, a persoa que me ensinou a apreciar a beleza da sinxeleza. Un bo recordo é unha fotografía feita co corazón para convertela nun momento especial e inesquecible. Iso é o que pretendo co meu número.

No mundo da maxia hai máis homes que mulleres. Foiche máis difícil por ser muller?

Agora hai máis mulleres, aínda que é certo que predominan os homes. Mais nunca me sentín discriminada, pola contra, sempre me trataron moi ben por onde pasei. Penso que cando deixen de facerse este tipo de preguntas, teremos conseguido eliminar as diferenzas. Hoxe en día, os promotores de espectáculos adoitan contratar artistas de ambos sexos en interese desa igualdade. Eu, por exemplo, admiro moito a Tina Lenert, maga, mimo e arpista estadounidense. Ten un bonito número, moi poético, que combina elementos de pantomima e maxia. E coñézoa porque facía de intérprete de meu pai, polo tanto, leva moitos anos neste mundo.

Nos espectáculos creas un personaxe ou interpretaste a ti mesma?

Aprendín de Rafa que a mellor forma de chegar ao público é ser ti mesma. Por iso, polo momento, non creei ningún. Desexo ser auténtica.



ODONTOLOGÍA VETERINARIA

Dental Pets

El Dentista de tu Amigo en Lugo.

- Mal aliento
- Pérdida de dientes
- Enfermedades sistémicas
- Dolor crónico

¿Dónde estamos?

Calle Dinan 1-3, Lugo

982.46.50.65

- Sarro
- Pérdida de Dientes
- Enfermedad Periodontal
- Estomatitis
- Maloclusiones
- Fracturas, Resorciones

O Concello reparte o pago das subvencións ás asociacións veciñais

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, mantivo unha xuntanza coas asociacións veciñais de Lugo beneficiarias do programa de subvencións de 2023. A edil de Participación entregou ás distintas asociacións beneficiarias un diploma acreditando a súa participación neste programa.

A área de Participación entrega en total 10.691,12€ a asociacións veciñais do concello de Lugo, que se poderán executar en proxectos

relacionados co asociacionismo, o voluntariado e a participación cidadá, ademais de incluír gastos de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas.

Cristina López destacou que "esta liña de subvencións permiten que as distintas asociacións veciñais de Lugo poidan manter a súa actividade ao longo do ano", e engadiu "desde o Goberno de Lugo mantemos o noso compromiso co tecido asociativo local".

Cales son os nomes propios máis habituais na provincia?

Por **Lucía Blanco**

Antonio, José Luis, Carmen ou Lucía? Aínda que calquera dos catro son nomes propios de gran popularidade en Galicia, o podio ten dous claros vencedores: María e Manuel. Concretamente, 38.371 galegas —un 14,16 %— chámanse María, mentres que Manuel ten aínda un predominio maior, xa que son 67.900 —un 25,05 %—, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Na provincia, a situación tampouco cambia. De novo son os nomes que teñen 4.185 mulleres lucenses e 9.096 homes. María Carmen, Carmen, José e Antonio ocupan a segunda e a terceira posición, deixando claro que os antropónimos máis comúns teñen un sabor clásico. Na cidade de Lugo, hai 1.660 persoas rexistradas como María Carmen e 2.179 como Manuel, nomes que tamén dominan en Palas, mentres que María del Carmen e José son os máis rexistrados en Antas, en Guntín e en Monterroso. María del Carmen e Manuel son os máis comúns en Baralla e Rábade; Carmen e Manuel, en Becerreá, na Fonsagrada e en Navia; Manuela e Manuel, no Corgo e Josefa e José, en Outeiro. Na zona da Terra Chá, o protagonismo lévao José, sendo o máis repetido en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba, Xermade, Begonte, Cospoito e Friol. Deste xeito, preséntanse diferenzas en canto aos antropónimos femininos. María reina en Abadín, na Pastoriza, en Vilalba e Xermade; Josefa domina en Cospoito e Castro; María del Carmen, en Begonte e Carmen, en Friol.

En Viveiro, hai 230 mulleres rexistradas como María del Carmen e 253 como José. En cambio, María e Manuel son os máis repetidos en Barreiros, Mondoñedo, Trabada e Foz e Ma-



ría e José fano en Barreiros, Ourense e Lourenzá. Dolores e José impoñense no Vicedo e en Xove; María Carmen e José Ramón, en Alfoz; María Dolores e Manuel, en Cervo e María del Carmen e Manuel, en Ribadeo.

JOSÉ DOMINA. En Monforte hai 216 Marías e 558 Manueles, que son tamén os máis rexistrados en Bóveda, Carballedo, Pantón e no Saviñao. María e José convértese nos máis comúns en Sober e Taboada; Carmen e Manuel no Páramo, en Triacastela e Quiroga; María Carmen e Manuel, en Chantada e Carmen e José, en Folgoso do Courel. María e Manuel repítese como máis comúns no Incio, en Ribas de Sil e Samos; Pilar e Manuel, en Lánca e Sara e Manuel en Paradela.

Porén, as tendencias varían e os nomes de moda cambian co paso do tempo, práctica que confirma cada ano a estatística dos máis escollidos para os novos nacementos. Segundo a lista dos neonatos galegos do 2022, Martín, do que se rexistraron 263 bebés e Mateo e Lucas, con 239 e 173 rexistros respectivamente, son os máis postos. Os de orixe galega parece que cobran forza. Roi ocupa o noveno lugar, seguido de Gael e Xoel. No caso das nenas, o máis común é Noa, con 159 casos; xunto con Sofía, con 140 e Valeria, con 135.

APELIDOS. En canto á distribución municipal por apelidos, mandan os patronímicos rematados en -ez, que teñen a súa orixe na Idade Media e significaban “fillo de”. Concretamente, 108.553 e 102.454 galegos teñen Rodríguez e Fernández como primeiro apelido. Os seguintes máis habituais son González, do que se rexistran 81.649 persoas e López, con 75.881. Na provincia tampouco hai moita sorpresa, aínda que cambian as posicións. Abundan os López, con 23.024 casos; os Fernández, con 18.691 e os Rodríguez, con 15.085.

Por concellos, repítese case o mesmo patrón. Na cidade de Lugo, 6.090 persoas levan López de primeiro, 5.102 son Fernández e 3.917, Rodríguez. A primeira posición é compartida en Cervantes, no Corgo, nas Nogais, en Guntín, Outeiro, Rábade e Pedrafita. Na Fonsagrada e en Navia o máis habitual é atoparse a alguén apelidado Fernández, mentres que en Monterroso e Palas domina Vázquez.

Na Terra Chá, Fernández e López son os máis repetidos en Castro, Cospoito, Meira e Vilaba, mentres que López e Rodríguez fano en Friol e Guitiriz. A tendencia cambia en Abadín, onde se impoñen Díaz, así como ocorre con García na Pastoriza. Na costa, Fernández triunfa en Burela, Cervo, Foz, Viveiro, Ourense, O Vicedo e Xove. Pero a cousa cambia en Alfoz e Mondoñedo, onde é máis frecuente apelidarse García.

Rodríguez gaña en Monforte, onde 1.980 residentes levan ese apelido, e tamén en Pantón, na Pobra do Brollón, en Quiroga, Sober e Ribas de Sil. González é o protagonista en Carballedo; Fernández, en Chantada e López, en Folgoso. López e Fernández tamén se impoñen en Sarria, Samos, Triacastela e Lánca e López e Rodríguez fano no Incio, no Páramo e en Paradela.

A cidade contará cun Consello das Persoas Maiores no 2024

O Concello porá en marcha neste 2024 o Consello das Persoas Maiores. Un órgano que pretende ampliar a participación activa e a integración do colectivo na vida municipal, en prol de acadar un maior nivel de benestar para o conxunto da sociedade.

A concelleira Olga López Racamonde explicou que, logo do traballo realizado durante os últimos meses, o servizo xa dispón das bases que rexerán o seu funcionamento, “avanzando así na súa constitución á que nos comprometemos durante as últimas Xornadas de Atención Sociosanitaria á Terceira Idade, organizadas polo Concello”.

Referiu tamén que, entre outros aspectos, a entrada en funcionamento deste novo Consello Municipal das Persoas Maiores contribuirá a


potenciar a coordinación entre as institucións e entidades asentadas no termo municipal, promovendo a realización de estudos e investigacións relevantes para este grupo da poboación ou calquera outra acción que se derive da súa propia dinámica social.

“As consecuencias da pandemia e postpandemia agravaron as repercusións e problemáticas que afectan de forma moi incisiva ás persoas maiores de 65 anos, como a soledade non desexada ou o illamento social froito da fenda dixital”, destacou López Racamonde. Conscientes desta realidade e do feito de que “en Lugo viven máis de 21.000 persoas maiores, son numerosas as iniciativas municipais que se promoven dende o Concello en prol da súa atención”.

REUNIÓN COS MAIORES



A deputada do BNG no Parlamento Galego, Olalla Rodil, xunto coa concelleira de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, mantiveron un encontro con representantes da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo. Como sinalou a deputada nacionalista, o obxectivo da reunión estivo enmarcado “no exercicio de proximidade e de compromiso que temos de posta a disposición dos veciños e veciñas para trasladar as súas reivindicacións ás institucións nas que temos representación”.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A carreira polo trono da Xunta

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas, que se celebran o 18 de febreiro



O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia. Serán as primeiras desde 2009 nas que o candidato do PP non será Alberto Núñez Feijóo. A data coincide coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgunhas zonas como Ourense.

PP

Alfonso Rueda, nado en Pontevedra, é avogado e exerce o papel de actual presidente da Xunta de Galicia dende o 12 de maio de 2022, cando o seu predecesor Núñez Feijóo foi investido presidente do Partido Popular a nivel estatal. Rueda iniciouse na política nas Novas Xeracións de Pontevedra e foi xefe de gabinete do conselleiro Xesús Palmou, e director xeral da Administración Local da Xunta de Galicia durante cinco anos. Foi secretario xeral do PPdeG, desde o ano 2006 ata maio de 2016, e dende a elección de Feijóo como presidente autonómico, encargouse da Secretaría Xeral en Galicia. Tamén foi conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e vicepresidente da Xunta

de Galicia ata o 2022. Tras anunciar a convocatoria de eleccións para a Administración Autonómica, Rueda asegurou que seguirá apostando por traballar e así manter a comunidade como "a illa de estabilidade" que é na actualidade.

O actual presidente fai un chamamento a protexer Galicia porque "o futuro da nosa comunidade se decide aquí, sen mediadores, nin hipotecas e sen ningunha outra obediencia que non sexa aos galegos". "Sigamos a favor de todo aquilo que a xente nos pide que defendamos: máis oportunidades para a mocidade, máis apoios para os maiores e as familias e continuar defendendo proxectos empresariais que xeren emprego", explicou ao tempo que aseguraba que "se todos os partidos aproveitamos estes días para confrontar as nosas diferentes visións de Galicia en positivo, estaríamos facéndolle un gran servizo aos galegos e cumpriríamos o que esperan de nós".

PSOE

José Ramón Gómez Besteiro, candidato do PSOE. Naceu en Lugo e

ademais de ser avogado é político e foi o presidente da Deputación de Lugo dende 2007 ata 2015. Formou parte do Concello de Lugo sendo concelleiro de Urbanismo e voceiro municipal e, en marzo de 2023 foi designado polo Goberno de Pedro Sánchez como máximo responsable da Delegación do Goberno en Galicia.

Gómez Besteiro di que "os socialistas galegos son os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia" e engadiu que "a Galicia quédanlle poucos días para despedirse deste Goberno triste e que gañe a esperanza", dixo un Besteiro que se amosa optimista de cara a estes comicios.

O candidato dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo adianto electoral: "Xa falta menos para que Galicia pase dun Goberno de confrontación a un Goberno que ofrezca solucións".

"Os socialistas estamos unidos, preparados e somos os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia", remarcou o tamén deputado lucense, quen incidiu en que o PSdeG é un partido con "traxectoria, equipo e un proxecto absolutamente claro".

"Galicia está perdendo oportunidades", incidiu Besteiro, "de feito está medrando menos que o resto do país por culpa das políticas incapaces, a inercia e a confrontación na que está instalado Rueda e o PP. Os socialistas estamos preparados para gañar as eleccións e para darlle a Galicia o impulso que necesita e merece".

O candidato chama a "escoller entre unha Galicia resignada ou elixir un futuro ilusionante, con esperanza e que nos poña á cabeza do crecemento en España e en Europa".

BNG

Ana Pontón, nada en Chorente, Sarria, é a candidata do Bloque Nacionalista Galego. A sarriá é a portavoz nacional do BNG desde 2016 e xa fora candidata á Presidencia nas eleccións de 2016 e 2020. Tras estes últimos comicios converteuse na líder da oposición no Parlamento de Galicia, e conseguiu que o seu partido tivera o máximo histórico de 19 deputados. A líder nacionalista afirma que o BNG está preparado para gañar e liderar o Goberno do

cambio para darlle un presente e un futuro mellor ao país. "Son a candidata de todos os galegos que queren cambio, votasen o que votasen noutras eleccións", indica. Di sentirse con "máis ganas, máis ilusión e máis preparada que nunca" para darlle a Galicia "o mellor Goberno da súa historia".

Para Pontón, o obxectivo último é conseguir "mellorar a vida das persoas", porque segundo afirmou, "é o que lle dá sentido á política, poñer as persoas no centro, traballar por e para elas, e entre todos e todas construír a mellor Galicia".

"Non importa o que votaran noutras eleccións, hai moitas maneiras de sentirse galego, e todas son necesarias para abrir un tempo novo", di Pontón, que pretende defender a comunidade e marcar un antes e despois tras a sucesión de gobernos que tomaban as súas decisións "en despachos madrileños". "Feron seis presidentes en toda a historia da democracia, todos homes e de forzas estatais. Cedes que nos foi ben? Cedes que puxeron a Galicia no lugar que se merece?".

LIÑAS PRINCIPAIS DOS PROGRAMAS ELECTORAIS

PARTIDO POPULAR

- Actuacións na infraestrutura dos hospitais.
- Impulso ás VAP Costa Norte e da autovía libre de peaxes Lugo-Monforte.
- Avance na candidatura a patrimonio mundial da Ribeira Sacra.
- Obras en marcha para a reforma ou construción de novos centros de saúde, residencias da terceira idade e centros de ensino.
- Actuacións de mellora nos portos de titularidade autonómica.
- Dar continuidade a medidas como a gratuidade das escolas infantís, bonos dependencia ou axudas para libros de texto e material escolar.

PARTIDO SOCIALISTA

- Apostar por empresas que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación.
- Mellorar as políticas de envellecemento, os servizos sociais, e a sanidade.
- Rematar moitas infraestruturas como as conexións entre a parte interior de Lugo, a conexión da Mariña, ou a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte.
- En Lugo, fará o Plan Paradai e desenvolverá a Rolda Leste.
- Apostar polo agro e o mundo forestal así como dar garantía aos gandeiros.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- Unha Galicia máis feminista.
- Apoiar a cultura e a identidade galega para conseguir "unha nación moderna, empoderada e sen complexos".
- Reforzar os "vínculos" da comunidade galega.
- O compromiso de poñer enriba da mesa unha "intervención pública" en Alcoa
- O compromiso de activar a Mesa do Sector Lácteo, na que estean representados todos os axentes da cadea productiva, co fin de que aborde "as cuestións clave para darlle futuro ao sector, incluído todo o que ten que ver cos prezos".

DATOS

- **15 de xaneiro:** vence o prazo para rexistrar candidaturas. Os candidatos quedarán proclamados o 22 de xaneiro.
- **29 de xaneiro:** empeza o envío de documentación para votar por correo. O voto por esta vía pódese solicitar ata o 8 de febreiro. O prazo para enviar a papeleta finaliza o 12 de febreiro.
- **2 de febreiro:** arrinca a campaña electoral e prolongarase ata o 16 de febreiro.

“Tratamos persoas, non patoloxías, polo que ofrecemos atención individualizada”

Raquel Ferreiro e Alejandra Somoza están especializadas na rehabilitación fisioterápica e fisioestética

Ofrecer un tratamento personalizado a cada cliente para mellorar tanto a saúde como a imaxe persoal é a filosofía da Fisbel. As fisioterapeutas Raquel Ferreiro e Alejandra Somoza levan desde 2008 á fronte da clínica, situada na rúa da Raiña e cun horario continuo, que está especializada en prevención, tratamento e rehabilitación fisioterápica e fisioestética, onde ofrecen tratamentos faciais e corporais, tecnoloxías como Indiba e servizos como clases de pilates dirixidas e hipopresivos.

Son das poucas clínicas enfocadas ao campo da fisioestética. Como é este traballo?

En moitas ocasións, a saúde e da beleza van da man. É difícil separar os dous campos, xa que as competencias solápanse. Por exemplo, tras unha cirurxía, a cicatriz debe tratarse sempre, para evitar que os tecidos se adhira e provoquen limitacións de mobilidade da zona coas consecuencias que pode acarrear para o noso sistema muscular esquelético e postural e para que esa cicatriz sexa o máis pequena posible e pase desapercibida. Por outra banda, unha celulite provoca un problema estético co que estamos familiarizados, pero ademais indícanos que nesa zona a circulación non está funcionando da maneira axeitada, o que pode provocar cambras, contracturas recorrentes e mesmo problemas asociados como arañas vasculares.

O seu labor pode ser fundamental para asegurar uns bos resultados tras unha operación.

Hai moitos profesionais da medicina estética e da estética ornamental, pero non moita xente que traballe a recuperación despois dunha cirurxía estética, oncolóxica ou mesmo unha cesárea. Despois dunha intervención hai unha serie de fases polas que pasan os tecidos e se non se lles axuda ou non se respectan esas fases, poden quedar secuelas importantes ou aparecer complicacións como edemas, infeccións ou cicatrices adheridas ou hipertróficas que repercuten moito máis do que pensamos.

Creem que a xente é consciente deses riscos?

Por sorte, cada vez a xente ten máis consciencia disto e acoden a traballar eses tecidos, mesmo antes da propia intervención para preparalos para a mesma e tamén cada vez máis profesionais médicos son conscientes da importancia do noso traballo e derivannos pacientes para que se continúa ca recuperación, xa que o éxito do seu traballo non depende deles, senón dos coi-



dados posteriores que se lle dan a ese paciente.

Ademais, contan con diferentes terapias que axudan a que a recuperación sexa máis rápida e mellor. Si, temos a terapia físico vascular e a Indiba son equipos que nos axudan tanto a normalizar a velocidade coa que circula o sangue como a darlle máis permeabilidade á membrana celular e a que polo tanto o intercambio destas substancias se realice a máis velocidade. Isto tradúcese nunha rexeneración e recuperación máis rápida e máis respectuosa cos tecidos, xa que é unha maneira non invasiva de tratalos. Ademais,

“Temos bonos personalizados que son un agasallo perfecto para os nosos seres queridos en calquera momento”

a combinación destes equipos permite traballar tanto a nivel sistemático, en todo o corpo, como local, tratando unha rexión específica, pero podendo profundizar o tratamento achegando todas as capas dos diferentes tecidos do corpo. Teñen a vantaxe de poder tratar pacientes con implantes metálicos ou próteses porque non hai risco de queimadura interna, e neste caso a Indiba é o único equipo co que se pode traballar.

Tratan tamén problemas da articulación temporomandibular, que ten moita relación con problemas cervicais, cefaleas, acúfenos...

O noso sistema estomatognático é o que relaciona as cervicais, cranio e

mandíbula é máis complexo do que parece e ten outras influencias en diferentes partes do corpo. Desta maneira, unha mala oclusión pode mesmo alterar a nosa postura favorecendo tendinopatías recorrentes ou un bruxismo pode provocarnos cefaleas frecuentes, mareos, otite de repetición ou acúfenos. Neste campo o ideal é o traballo con outros profesionais como odontólogos, maxilofaciais, otorrinos ou outros compañeiros de profesión, xa que o obxectivo é sempre empregar todo o que estea na nosa man para mellorar na medida do posible a doenza do paciente.

Incorporar novas tecnoloxías e a formación continua para poder especializarvos definen o voso traballo, que tamén inclúe a fisioterapia pediátrica. En que se enfocan?

Tratamos as plaxiocefalias, as deformidades a nivel cranial que aparecen sobre todo por malas posicións do bebé dentro da barriga e tamén no momento do parto e hai que traballalo para que se corrixa. Tamén nos enfocamos en problemas dixestivos, sexa cólico de lactante ou nenos con refluxo e problemas coa deglución como poden ser os problemas de frenillo e coa succión, cando non colocan ben a lingua e que lles repercute a como tragan ou respiran. Ao final todo está relacionado, porque un bebé que teña un problema de refluxo vai a ter máis mucosidade e máis posibilidade de atragarse.

Aínda que o máis habitual é acudir ao fisioterapia tras unha lesión, os traballos preventivos xogan un papel fundamental para a nosa saúde. Sempre é mellor invertir en prevención que tratamento, xa que estamos evitando que aparezan problemas e dores. Antes de ter unha patoloxía instaurada e ter que

poñer remedio en paliar esa dor ou esa alteración é mellor poñer os medios necesarios para que nunca apareza.

Esta prevención pode comezar a través das clases de pilates e hipopresivos que ofrecen?

Estas disciplinas están enfocadas a traballar a musculatura postural, que é a que nos mantén todo o día en contra da gravidade, polo que é a que máis traballa e polo tanto a que máis sofre. Por iso, están tan de moda e se prescriben tanto para previr ou tratar problemas de costas que presentamos polo sedentarismo, a falta de actividade física ou pola mala alimentación. Debido ao noso traballo ao a nosa vida persoal, estamos moito tempo de pé ou sentados con posicións mantidas, polo que se a musculatura que se encarga disto está forte e pode con esas cargas diarias non sufrirá tanto

e previranse eses problemas. Penso que non existe unha situación fisiolóxica pola que pase un corpo con máis cambios e repercusións físicas e emocionais como é un embarazo. Cambia a postura, o apoio, a respiración, a circulación, o noso centro de gravidade, a elasticidade dos tecidos... Todo isto trabállase co pilates.

Son exercicios que tamén axudan no día a día.

Inculcamos sempre que pilates non é vir a clase e esquecerse, é vir a clase e aprender determinados exercicios para cando estás ante un esforzo sabelo facer sen facerte dano. E telo que extrapolar a túa vida diaria, porque vas repetindo os xestos e valos automatizando. Por exemplo, cando chegas a casa e tes que coller ao teu bebé, xa non o fas sen contraer o solo pelviano para protexer esa zona.

Cal é a diferenza entre practicar nun ximnasio a facelo na súa clínica?

Nun ximnasio normalmente moitos conceptos de pilates non os explican, hai grupos moi grandes e a xente fai os xestos que indica o monitor sen un coñecemento de como ten que contraer, de como ten que suxeitar o solo pelviano para que non sufra con ese exercicio. Nós primeiro valoramos a persoa, despois facémolle unhas sesións individuais para que aprenda os principios básicos da técnica e despois metémola nun grupo en función do seu nivel e dos seus horarios. Ademais, moitos dos que veñen teñen algunha patoloxía e dentro do mesmo grupo personalizamos cada exercicio en función de cada paciente e da súa evolución.

Unha boa maneira de empezar o ano sería cunha visita á clínica.

Si, sen dúbida, sería un bo desexo para o ano que entra. De feito, temos bonos personalizados que son un agasallo perfecto para os nosos seres queridos en calquera momento pero tamén nestas datas, porque ao final estás regalando saúde e beleza.



Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quimioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro

Montero Rios, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es



A veciñanza de Segade fará máis protestas se non hai resposta municipal

A veciñanza de Segade na parroquia de Teixeira no concello de Lugo seguen á espera dunha comunicación do Concello para que acometa as obras de mellora da pista de acceso á zona.

O colectivo veciñal fixo entrega dunha serie de firmas “unha vez que estaban máis de que fartos de sufrir o desleixo da Concellería de Transición Ecolóxica e Impulso Rural de Lugo, dirixida polo socialista Miguel Fernández Méndez”. Nestas solicitan o arranxo da pista municipal que leva a este lugar desde a N-640.

Entre veciños e usuarios da citada pista chegaron a xuntar 78 sinaturas que entregaron no rexistro municipal do Concello de Lugo.

Na folia de sinaturas expoñen que a

pista que vai de Rozas a Segade, pasando por Roade, “é o único acceso ás nosas vivendas e estando esta pista totalmente intransitable polas fochancas que nela se formaron nos últimos meses, circunstancia que dificulta o tránsito de todo tipo de vehículos polo que lle solicitan á citada concellería a inmediata solución deste problema mellorando o firme desta pista e así poder circular por ela”. Aínda que esta demanda causou a curiosidade e a atención dos medios, non teñen noticias por parte do Concello sobre as súas demandas. Aínda así a veciñanza manifestou a súa firme intención de seguir coa súa demanda e utilizar outros medios de presión se fai falta agora que xa pasou o Nadal.

Vaise acondicionar a ruta de sendeirismo dos Lagos de Teixeira

A Consellería do Medio Rural investirá 64.200 euros no acondicionamento da ruta de sendeirismo e da contorna dos Lagos de Teixeira con fins recreativos.

Explicouse que a intervención pretende darlle un novo pulo a este espazo de lecer en plena natureza, con rutas homologadas, un miradoiro e outros elementos que mellorarán a estética e a seguridade do percorrido.

O proxecto será executado pola empresa pública Seaga e afectará aos montes comunais de xestión pública de Teixeira e Labio, ambos no municipio de Lugo. Propón un itinerario circular de 9.160 metros de lonxitude que transcorre polas beiras dos catros lagos, atravesando unha masa consolidada de frondosas autóctonas e accede aos outeiros de Monte Castelo e Pena da Ermida.

Existen dúas variantes como alternativas á principal, tamén circulares pero máis curtas e de menor dificultade; a primeira discorre entre dous lagos e mide 1.180 metros, e a segunda chega ao Alto da Chousa ao longo de 1.730 metros.

Os traballos inclúen a roza de matogueira na plataforma e nas beiras dos sendeiros e dos lagos; só nestes últimos limparanse máis de 22.700 metros cadrados. Ademais, vanse



colocar dous pasos salvafoxos de seis metros de lonxitude cada un e cinco pontellas de madeira de piñeiro, de lonxitude aproximada de 2,50 e 1 metro de ancho e con varanda por ambos lados para salvar zonas de inundación do rego.

No alto de Monte Castelo dispórase un miradoiro; está situado a 691 metros de altitude e ofrece vistas de parte de Lugo e dos concellos limítrofes. Instalarase un banco de forma hexagonal con respaldo e con oco interior fabricado en madeira de piñeiro, unha varanda de seguridade e un atril informativo cos puntos de interese que se observan desde o lugar.

Coas actuacións de deseño e mellora da ruta preténdese acadar a súa homologación de acordo coa

normativa galega de sendeiros. Para elo colocaranse balizas direccionais de madeira e carteis informativos. Tamén se lle dará publicidade e difusión mediante folletos e contidos web-QR para a incorporación en paneis e publicacións.

BNG. O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, afirmou que o Partido Popular anunciou a recuperación das zonas verdes dos Lagos de Teixeira “a mes e medio das eleccións porque saben que van perder a Xunta de Galiza e será o BNG quen execute este proxecto”. Arroxo lembrou que desde o BNG se reclamou en múltiples ocasións a recuperación desta zona converténdoa “nunha zona de esparcemento actualizada e cunha oferta lúdica axeitada ao século XXI”.

SAN XOÁN DE TIRIMOL

“O obxectivo da asociación é manter aos veciños unidos”

A Asociación de San Xoán de Tirimol conta con máis de cen veciños

Jesús Martínez Arias, vicepresidente acércanos un pouco a esta asociación veciñal.

Cal é o ano de fundación?

A Asociación de veciños, cultural deportiva de San Xoán de Tirimol foi fundada hai trinta e tres anos, no 1990. Actualmente conta cun número de socios que oscila entre os 150 e os 160.

Que actividades habituais realizan?

Dende a asociación organizamos as festas patronais, o Entroido, ta-

mén o Rosario cunha comida veciñal e na actualidade nada máis. Antes contabamos cun equipo de fútbol, pero cada vez temos menos axudas e iso permite facer menos cousas.

Realizan outras actividades?

Sí, antes tamén se realizaban obradoiros para os veciños e este ano tiñamos pensar volver facelos.

Cal é o obxectivo ou finalidade da asociación?

Somos un pobo grande con varios

núcleos, como Bagueixos, Ramil, Seivane, Pedrouzón ou A Brea; son como barrios e estamos moi espallados. Hai máis de cen casas e o noventa e cinco por cento dos veciños forman parte da asociación entón o obxectivo é manter a todos os veciños unidos.

Que forma parte da xunta directiva?

A presidenta é Mari Carmen Castro Revolo, o vicepresidente son eu, Jesús Martínez Arias, secretario José Manuel Castro Gay, tesorero Pablo Cancela Núñez e dous vocais, Noelia López Rois e Manuel Chousa Maciñeira.

Que proxectos de futuro teñen?

A nosa intención é comezar a facer cousas para os nenos. Hoxe en día hai moitos nenos en Tirimol. Para isto estamos inten-



tando arranxar as instalacións e crear fóra un espazo cuberto para que os máis pequenos podan xogar. Este ano pola festa do patrón fixemos o domingo unha tarde de xogos e non contabamos nin coa terceira parte de rapaces que viñeron. E tamén queremos facer algo para a xente maior como talleres de memoria, para que podan ter algunha actividade enfocada a eles.

Como se sosteñen economicamente?

Actualmente temos unha cota

mínima que nos axuda a sufragar os gastos do local como a contribución, luz e os seguros. Este ano si que recibimos unha subvención para arranxar un dos locais pero había moitos anos que non nos concedían nada, entón precisamos das cotas para poder facer fronte a eses gastos fixos.

Que necesidades teñen?

Pois gustaríanos crear ese espazo cuberto no exterior, para poder realizar actividades fora do local.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Pedro de Labio

Nesta parroquia, moi próxima a Castroverde, poden visitarse dúas capelas, Vilachá e Vilariño

Setenta e oito son as persoas que actualmente residen en San Pedro de Labio, unha parroquia do municipio de Lugo, moi preto xa de Castroverde. Cun total de oito entidades de poboación a metade dos seus habitantes son homes e a outra metade mulleres. Dos seus oito núcleos só seis conservan na actualidade poboación e son O Couto, Labio, Prateiro, Vilachá, Vilariño, Vilarvente sendo esta última e Vilachá os núcleos con máis concentración de habitantes, 26 cada un.

A igrexa parroquial de Labio é, en liñas xerais, un edificio do século XVII aínda que moi reformado ao longo de diferentes épocas. A fachada principal desta construción está lixeiramente separada do resto do edificio, e lixeiramente inclinada. Con aparello de perpiaño ten un arco de medio punto na porta e na parte superior unha espadana dun só van onde está situada unha campá. Dous muros sen cuberta unen a fachada coa nave. Cunha cuberta de madeira e lousa

a dúas augas esta nave conta cunha porta principal alintelada e con chanzos no seu interior para salvar o desnivel do terreo, unida a esta principal hai outra porta de acceso no lateral dereito. A capela maior é unha prolongación da nave principal a través dun arco de medio punto, de forma cuadrangular ten unha cuberta a tres augas e pegada a esta atópase a sacristía con porta de acceso no lateral dereito. No interior da igrexa pódense atopar varios retablos, datado o maior da época neoclásica con catro columnas. Das tres imaxes que se poden observar nel a máis grande correspóndese con San Pedro, a seguinte maior coa Virxe e a máis pequena é Santa Teresa. O retablo situado no lateral esquerdo ten unha pintura moi deteriorada cunha lenda borrosa na que aínda se pode apreciar a data de 1660. Como imaxes conta cunha



figura da Virxe de Fátima bastante actual, outra de Santa Marina do século XVI e outras dúas de arte popular, San Antonio de Padua e outro santo sen identificar. O altar actual está sostido pola primitiva pía bautismal de granito. Na parroquia de San Pedro de Labio, ademais da súa igrexa parroquial tamén se poden visitar dúas capelas, a de Vilachá e a de Vilariño. A primeira é unha pequena edificación rectangular con cuberta a dúas augas que garda no seu interior unha imaxe da Dolorosa e un San Antonio. Pola súa parte a capela de Vilariño, recentemente restaurada, ten tamén unha planta rectangular e sobre o lintel da porta pódese ler a seguinte inscrición, *Es de esta casa, año de 1814.* Unido ao patrimonio arquitectónico

desta parroquia Labio esconde no monte da Medorra, a setecentos metros de altitude sobre o nivel do mar, case no límite con Barredo un xacemento de petróglifos. Trátase dunha combinación de círculos concéntricos con coviña central e tres cazoletas de moi boa factura que non están moi erosionadas polo paso do tempo o que permite velos con facilidade. Teñen unha antigüidade aproximada de 4.000 anos, sendo unha das manifestacións artísticas máis peculiares e enigmáticas da prehistoria de Galicia. Canto ao que representan e dada a diversidade onde aparecen, terían un significado simbólico-relixioso de difícil interpretación onde se representaría algún tipo de ritual, delimitadores de espazos sagrados ou máxicos.

Presentación do novo calendario do Arquivo Municipal polas parroquias

A área de Participación e Servizos para a Veciñanza vén de presentar o Calendario de 2024 con imaxes pertencentes aos fondos do Arquivo Municipal. Este ano, baixo o título A terra entre as mans, recóllense imaxes e documentos históricos relacionados coas parroquias de Lugo. Cristina López desprazouse ata as localidades Ombreiro e Bosende para agradecer a súa participación, e a de 13 parroquias máis, que se implicaron na elaboración deste calendario. A concelleira de Participación afirmou que “dado o éxito de cada edición, continuaremos co proxecto para visibilizar todas as parroquias



de Lugo nos vindeiros anos”. Todas as persoas interesadas poden recoller o seu calendario retirarse nas oficinas da área de Participación.

O calendario a terra entre as mans continúa co proxecto iniciado pola área de Participación a finais do 2019.

LEITZ + PAPERBLANKS + LAMY
WOODMODELS + COLON + DALVEY
EASTPAK + TRONKA + MOLESKINE
ARTEBERNE + FABER CASTELL
LEUCHTTURM1917 + PINGUARD

LOS REGALOS PERFECTOS
CON LAS MEJORES MARCAS

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Librería Troll



Renóvase o alumeado da Casa do Deporte

O Executivo de Lara Méndez, a través da Concellería de Deportes que dirixe Jorge Bustos, renovou ao longo destes días o alumeado da Casa do Deporte. Deste xeito, a pista de xogo da instalación situada no parque da Milagrosa conta xa con novas luminarias de tecnoloxía LED, o que supón un considerable aforro enerxético, amplía a súa durabilidade e mellora a calidade luminosa.

De feito, este pavillón, que será proximamente unha das sedes do Torneo Lugo Sala, alberga diariamente os adestramentos de máis de 200 deportistas de disciplinas como o fútbol sala, o balonmán ou o voleibol, así como numerosas competicións destes e outros deportes. “A importancia estratéxica deste polideportivo municipal como soporte da actividade dunha parte considerable do tecido deportivo da zona norte da cidade é incuestionable. Por iso, es-

tamos a planificar unha serie de melloras que nos permiten incrementar a calidade da instalación e evitar o seu desgaste”, apuntou Bustos.

Deste xeito, xunto coa renovación do alumeado, “aproveitamos a redución de actividade destes datos para instalar un novo vinilo cunha nova imaxe e novas dimensións no círculo central da pista a petición dos clubs de balonmán”, engadiu. O edil de Deportes recordou que esta actuación se enmarca dentro do Plan Dinámico de Intervención posto en marcha pola súa área para conservar e modernizar as instalacións.

En total, a capital conta na actualidade con máis de medio cento de recintos municipais destinados á práctica deportiva e ao adestramento que o Concello cede gratuitamente ao tecido asociativo e sobre os que exerce unha supervisión continuada para garantir o seu bo estado.

Os usuarios logran a mellora da rede de auga sanitaria no Pérez Rivera

A Concellería de Deportes que dirixe o edil Jorge Bustos levou a cabo a renovación e modernización do sistema de auga quente sanitaria (sistema ACS) do estadio de atletismo Gregorio Pérez Rivera dando, deste xeito, resposta á petición dos clubs que adestran nestas instalacións municipais.

Tal e como informou Bustos, “substituímos o anterior tanque acumulador por outro de aceiro inoxidable de 1.500 litros de capacidade, que xa está completamente instalado, unha actuación para a que destinamos un orzamento de 14.000 euros e que axudará a mellorar o confort dos usuarios e usuarias destas instalacións”.

O edil explicou que “a maiores desta intervención, tamén se está actuando na Praza de San Xoán, onde xa se iniciou a reparación

dos valos perimetrais que delimitan a pista de fútbol, e que tamén incluírá unha modificación puntual no fondo contiguo aos edificios, coa instalación dunha rede de maior altura para impedir que a practica deportiva cause molestias”.

Jorge Bustos avanzou, así mesmo, que “proximamente atenderemos unha nova petición dos usuarios e usuarias da Casa do Deporte que solicitaron un punto de conexión de rede para a retransmisión por *streaming* dos partidos que se disputan as fins de semana nesta instalación municipal”.

O edil de Deportes lembrou que estas actuacións se enmarcan dentro do Plan Dinámico de Intervención posto en marcha pola súa área para conservar e modernizar as instalacións deportivas.

Arroxo anuncia un novo plan do tráfico para as zonas peonís

Rubén Arroxo informou da instalación de *bolardos* en tres puntos da cidade coa finalidade de limitar o excesivo paso de vehículos que circulan sen xustificación por espazos peonís. Concretamente, o novo plan de regulación aplícase na rúa do Camiño Real, no acceso á rúa Quiroga Ballesteros desde a rúa Bolaño Rivadeneira e no acceso á rúa Isaac Díaz Pardo desde a rúa Recatelo.

Nalgúns casos, explicou Rubén Arroxo, o acordo da colocación dos bolardos chegou case de xeito inmediato durante as conversas mantidas coas asociacións veciñais dos barrios. Ademais, o Tenente Alcalde ve tamén necesario “protexer os



pavimentos das rúas peonalizadas, xa que se trata de materiais máis nobres que non están pensados para unha carga de peso tan grande”.

Ante a necesidade de limitar este tránsito non autorizado para cir-

cular nas zonas habilitadas para o uso peonil, procedeuse á instalación de bolardos desmontables con chave para posibilitar o paso de vehículos de emerxencia e autorizados.

Comeza unha nova fase nas obras do centro



Avanza a peonalización da praza de Ferrol que acometerá agora a urbanización das inmediacións do Cuartel de San Fernando. Para executar os traballos a circulación rodada canalízase dende San Marcos por Bolaño Rivadeneira cara a rúa Nova, sendo esta a principal modificación do novo Plan de Tráfico das obras. Os tres proxectos de peonalización que se enmarcan na estratexia Corazón Verde continúan avanzando, se ben, a urbanización das inmediacións do Cuartel de San Fernando obrigará a un pequeno cambio na circulación rodada.

Os escasos vehículos autorizados para acceder ao recinto amurallado terán dúas vías de acceso. Por un lado, mantense a que vai dende a rúa Montevideo con saída pola rúa Nova, como xa se estaba a facer, e tamén a entrada pola rúa do Teatro, atravesando San Marcos, coa única variación de que a saída deberá efectuarse por Bolaño Rivadeneira e rúa Nova, en lugar de pola Porta de San Fernando.

Só poderán seguir accedendo á rúa

Amor Meilán pola Praza do Ferrol as e os residentes que teñen praza de garaxe na parte superior de Amor Meilán, mentres que o resto o fará pola rúa Nova como ata agora. As persoas que teñan a súa praza de garaxe na rúa San Froilán seguirán accedendo pola rúa Nova. E as persoas que queiran acceder ao aparcadoiro soterrado da Praza do Ferrol deberán facelo entrando ao recinto amurallado pola rúa do Teatro. Estes son os cambios máis significativos que experimenta o Plan de Tráfico das obras que esta mesma mañá entraba en vigor, logo de que os operarios das empresas adjudicatarias das obras remataran a colocación da sinalización pertinente coa que se indicará cales son as novas indicacións polas que se rexerá o tráfico de vehículos neste punto da capital.

Dende o Goberno local lémbrese que o acceso ao Centro Histórico está restrinxido ao estritamente necesario, con respecto á carga e descarga, residentes e traballadores, xunto coa utilización dos aparcadoiros soterrado.

Lugo Monumental e o PP acusan un “caos de tráfico” polas obras

O colectivo Lugo Monumental criticou ao Goberno local polos cambios realizados no tráfico con motivo das obras que se levan a cabo no centro histórico “amparándose nunha suposta peonalización que realmente non será tal”. Afirmar que estes cambios están a causar graves contrastes aos usuarios e, por extensión, ás empresas do recinto amurallado. “A deficiente planificación fai que os cambios se realicen sen aviso previo. En lugar de difundir con algo de antelación as novas rutas que deben seguir os vehículos, levaron a cabo estas modificacións por sorpresa, o que aumentou a confusión dos cidadáns”. Quéixanse tamén de deficiente e contradictoria sinalización, que consideran insuficiente e, nalgúns casos, confusa ou directamente contradictoria.

Pola súa banda, o PP insiste que a planificación das obras do casco histórico provocan caos circulatorio e graves problemas de mobilidade e seguridade. “En novembro advertimos da importancia de coordinación das obras de peonalización do casco histórico e que non nos parecía axeitada a execución de tres proxectos simultáneos. Unha vez que xa están en marcha e coa idea de minimizar as molestias solicitamos unha mellor planificación”, indican.

O grupo Popular pide que se informe cunha maior antelación dos planes de tráfico, unha sinalización correcta para impedir que se dean tantas molestias polo caos e problemas de seguridade, a adopción de medidas para a protección de itinerarios que se utilizan de xeito provisional e es- tudar compensacións aos afectados.

Rematan tres grandes obras, o barrio do Carme, o ecoparque e a Calzada da Ponte

Lugo conta xa co primeiro Ecoparque Urbano da cidade. Situado no Campo Castelo. A intervención, na que o Concello investiu 312.748 euros, tivo por obxecto a ampliación en máis 70 m² e a remodelación integral desta céntrica área de xogos para convertela nun novo espazo de lecer aberto e integrador en prol da convivencia interxeración e en harmonía coa contorna. As escaleiras foron substituídas por rampas, e os cerramentos, tanto deste parque como do recinto infantil próximo, son agora moito menos invasivos adoptando unha configuración de muro revestido que simula madeira e que exerce de banco para favorecer a socialización.

Todos os xogos e o mobiliario do Parque Infantil de Campo Castelo teñen os selos 'Made Green': produtos feitos a base de materiais reciclados post-consumo (como residuos recuperados do océano, téxtiles usados, envases alimentarios, etc.) e 'Born Green', que obtéñen aqueles produtos feitos do propio material de construción da natureza como a madeira, procedente de silvicultura sostible e, por tanto, pouco contaminantes.

Igualmente, todo o parque dispón agora dun pavimento de caucho continuo, con revestimento decorativo, respectuoso co medio ambiente e con propiedades antiescórregadizas e outras características técnicas que garanten unha longa durabilidade e boa resposta ao uso á intemperie.

O parque está equipado con papeleiras elaboradas con residuos que de forma cotiá se desbotan ao lixo.

CALZADA DA PONTE. A Calzada da Ponte loce totalmente renovada



tralos traballos de peonalización e humanización que puxo en valor o Camiño Primitivo e a Vía Romana XIX

O ámbito de actuación, de 640 metros de lonxitude, abarcou a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso

desde o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o vial cara o Balneario, aínda que non se chegou ata as termas posto que Patrimonio da Xunta de Galicia non o autorizou.

En todo este ámbito levouse a

cabo a substitución dos pavimentos existentes por outros máis adecuados para o tráfico peonil e máis respectuosos co ámbito de protección patrimonial.

En canto a estes pavimentos, definíronse tres tipos diferentes, acordados ao ámbito de aplicación. Así, figura un composto por laxas de pedra de granito que se usou en toda a rúa. Outro a base de pedra de granito Rosa Porriño que se instalou entre a Rúa Santiago e Paso Inferior da Rolda do Carme, para definir as zonas de aparcadoiro para residentes. E un terceiro, de aglomerado asfáltico, para o ramal de incorporación desde Calzada da Ponte ao Hostal San Lázaro, no que se repuxo o firme existente, que se atopaba en mal estado.

Esta foi, pois, unha actuación na que se estudou especialmente a mellora da accesibilidade, tendo en conta as características topográficas da zona —a pendente media da Calzada da Ponte é moi elevada—, tratando de mellorar a comodidade dos usuarios e usuarias e facilitando o seu uso, coa substitución do pavimento existente, ao tempo que se dispuxo un itinerario adaptado á entrada desde a Rúa Santiago.

+Ademais, reparáronse diversas escaleiras de acceso á Calzada, en especial as que conectan o lado sur da Rolda do Carme coa Calzada da Ponte; cambiáronse as varandas peonís que se atopan na parte superior da Rúa Santiago polo modelo da Rolda da Muralla —para harmonizar o conxunto— e instalouse unha escaleira peonil que conecta o barrio de San Lázaro coa Calzada da Ponte, ademais de substituír a que había na área de descanso do camiño de acceso ao Balneario que

se atopaba moi deteriorada.

Levouse a cabo, así mesmo, a humanización de todo o percorrido con zonas axardinadas e mobiliario urbano respectuoso coa entorna patrimonial protexida. Na zona da Rúa Santiago, colocouse un parklet urbano, con xardineiras e bancos de granito, incluíndo respaldo e asento en madeira tratada; e instaláronse dous aparcabicis de aceiro galvanizado para 12 prazas e papeleiras.

O CARME. O barrio do Carme continúa a transformación para poñer en valor e recuperar esta zona emblemática da cidade tanto no aspecto urbanístico, como arquitectónico, económico e social. A alcaldesa inaugurou as obras de peonalización e humanización da praza e rúa do Carme, actuación que mudou por completo a faciana deste espazo público.

Méndez anunciou así mesmo, a apertura oficial da Cloaca Romana, situada no semisoto da Sala de Exposicións Porta Miñá, unha infraestrutura con preto de 1.700 anos de antigüidade, que será visitable e accesible, logo da finalización dos traballos de recuperación e musealización postos en marcha polo executivo municipal.

Alén da reforma que experimentou a súa urbanización, coa peonalización e eliminación de barreiras arquitectónicas, tamén se renaturalizou o espazo coa plantación de novas especies vexetais e arbustivas —65 sebes de teixos baixos, 45 xasmíns para embelecer o muro da Rolda da Muralla, 8 Robinias ao longo da rúa do Carme, 287 m² de céspede rústico de gramíneas e 10 m² de parterres con flor de tempada que ornamentarán a zona axardinada—, e se humanizou con novo mobiliario urbano para dotar de maior confortabilidade todo o espazo ao tempo que se mellorou a súa iluminación, atendendo a criterios de seguridade vinculada coa perspectiva de xénero.

O PP reclama a eliminación da pintura azul da ORA

O Partido Popular presenta un rogo para reclamar a eliminación da pintura azul nos aparcadoiros da ORA en Lugo, xa que o servizo está suspenso desde xuño de 2015.

“Pedimos que se borren estas marcas para evitar equívocos ás persoas que nos visitan e que non saben que na nosa cidade non se paga por aparcar”, din.

“Despois de 8 anos, é hora de tomar medidas para evitar malentendidos. Esta situación reflicte a deixadez do goberno local que mantén unha sinalización dun servizo que non existe”, afirman.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Da la bienvenida al
2024
con un toque floral
Feliz Año!

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORISTERÍA ROSE FLOR
FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

A CHMS confirma a Adega que o caneiro non é do Club Fluvial



A Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) vén de comunicar a Adega-Lugo que o caneiro que conecta o Club Fluvial coa Fábrica da Luz está vinculado á central hidroeléctrica en desuso e non á entidade deportiva. Nun comunicado, a CHMS respondía á solicitude presentada por Adega-Lugo sobre a concesión e titularidade do caneiro que conecta a fábrica da luz co Club Fluvial, indicando que “o devandito caneiro é unha infraestrutura que se atopa vinculada e incluída na Concesión de aproveitamento de auga do río Miño, en Castro Romay, Saamasas, concello de Lugo, con destino á produción de enerxía eléctrica. Central da Fábrica da Luz”.

Esta información contradí o establecido no proxecto para a renovación da concesión e legalización das instalacións existentes no Club Fluvial

de Lugo, no que se indicaba que o caneiro ou dique que delimita a zona de baño, e que conecta as instalacións da entidade deportiva coa fábrica da luz, formaba parte das instalacións do Club Fluvial, porén revisando as fichas do PXOM de Lugo, o caneiro figura de titularidade pública e non privada, ao que hai que engadir a resposta por parte da CHMS.

“O caneiro xa non presenta as denominadas bocas abertas, agora son máis pequenas, e as comportas están pechadas por completo e son xestionadas pola entidade deportiva. Recubriron as lousas de pedra da espiga ou espigón, impermeabilizando aínda máis o caneiro, e polo tanto, sen permitir o fluxo de auga, sedimento e fauna como as construcións tradicionais, convertendo o caneiro nunha presa para uso recreativo dentro da Rede Natura”, explican.

Méndez xa ten os terreos do novo centro de saúde do Sagrado Corazón

O Executivo de Lara Méndez anunciou que o Concello de Lugo e Afundación xa se atopan en disposición de permutar os terreos que anteriormente ocupaba o antigo colexio público do Sagrado Corazón por outros de titularidade municipal co obxectivo de que se poida construír neles un novo centro médico.

A voceira municipal, Paula Alvarellos, explicou que “a área de Alcaldía puxo en coñecemento da Consellería de Sanidade esta situación ao tempo que estudamos as necesidades que require acometer a actuación e que o Sergas cuantificou en 1.534 m²”.

A edil, titular da área de Patrimonio, referiu que “dende a entidade bancaria comunicaron nestes días a súa conformidade ao acordo, culminando así o proceso de negociación, de forma que se está ultimando o borrador para poder

asinar canto antes o Convenio a tres bandas e que a Xunta dispoña á maior brevidade da parcela e á maior brevidade tamén, inicie a tramitación do proxecto”.

Alvarellos Fondo lembrou que o soar no que se asentaba o centro educativo abrangue unha superficie de 5.764'59 m², cuxa catalogación se corresponde, integramente, cun uso dotacional público.

“Entendemos que cumpre á perfección o cometido de albergar un centro de atención primaria acorde ás demandas da cidadanía no que se dará servizo a máis de 7.000 persoas, rematando coa precariedade das dependencias actuais que adoecen, entre outras eivas, dunhas condicións axeitadas de accesibilidade”, sinalou a concelleira que, antes de concluír, adiantou igualmente que o Concello avaliará á continuación que utilidade darlle á superficie sobrante.

Avanzan na renovación da rede de alumeadado en Quiroga Ballesteros

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou unha nova actuación dentro do plan de renovación de alumeadado público da Tenencia de Alcaldía. “Seguimos a traballar na redución do gasto público en alumeadado mentres melloramos a calidade e a eficiencia da rede, aumentando a iluminación en zonas escuras e retirando as luminarias con elementos contaminantes”, explicou Rubén Arroxo.

O Goberno de Lugo está a renovar as luminarias da rúa Quiroga Ballesteros, instalando novas luminarias e que pasarán a ser luminarias LED de baixo consumo e alta eficiencia. En total, substitúense 21 luminarias de entre 70 e 160 kWh por LED de entre 20 e 50W, cun investimento próximo aos 5.000€.

O consumo enerxético do alumeadado desta zona reducirase en 6.269kWh, permitindo que Lugo avance na implantación dun alumeadado eficiente en toda a cidade. Arroxo lembrou que a concellería de Infraestruturas realiza un gran investimento anual na renovación do alumeadado público, “con actuacións que permiten aforrar cartos de todas e todos os lucenses na



factura da luz que ten que asumir o Concello”, explicou.

CASÁS. O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, informou da contratación da obra renovación das instalacións de alumeadado público exterior no barrio de Casás, concretamente nas rúas Mestre Méndez, Filgueiro, Flor de Lirio, Rosende, Camposo, Silva, Castiro, Casás e Oliveira. Segundo Rubén Arroxo, “seguir traballando na renovación das luminarias nas principais rúas e nos barrios da cidade é fundamental para fomentar o aforro enerxético”. Con esta intervención conseguirase un impor-

tante aforro no tocante a factura eléctrica que debe pagar Concello mellorando, ao mesmo tempo, a cantidade de iluminación na zona. Rubén Arroxo explicou que “a obra consiste na renovación do alumeadado público, mudando luminarias obsoletas de VSAP de 70w por luminarias tipo LED cunha potencia unitaria de 30w”. Deste xeito, aca-parase un importante incremento da eficiencia enerxética, así coma unha baixa considerable do consumo, acadando os 25.585 kWh de aforro, insistiu Arroxo. Ademais, tamén se executará a renovación de elementos eléctricos envellecidos como caixas ou condutores.

O PP propón converter os edificios baleiros en vivendas ou aparcadoiros

O PP defende unha iniciativa para facilitar que os inmobles sen uso que hai en Lugo poidan empregarse como vivendas ou aparcadoiros. A voceira popular Elena Candia explicou que con esta proposta “mellorará a contorna e satisfará a demanda de arrendamento que existe”.

Para explicar as modificacións que se necesitan impulsar dende o Concello, ao abeiro do decreto da Xunta que modificou a normativa de habitabilidade en Galicia, desenvolveuse unha xuntanza informativa aberta ao público no Hotel Méndez Núñez. O concelleiro popular Ramón Cabarcos explicou que os inmobles baleiros que proliferan en moitos puntos do municipio e que non teñen un uso previsible supoñen un “desperdicio de recursos e contribúen ao deterioro e a degradación da contorna urbana onde se sitúan”.

Esta nova posibilidade que se brinda á cidadanía suscita un gran interese entre a poboación e, dende o PP, mesmo avanzan que se pode estudar habilitar aparcadoiros en locais baleiros. Segundo a formación po-

lítica, en zonas como A Milagrosa, poderíanse aproveitar edificios enteiros moi deteriorados para reconverterlos en aparcadoiros en altura. Para os populares esta reforma da normativa implicará que o Concello traballe de forma paralela na dotación de novas infraestruturas e servizos nos barrios onde se permita a reconversión de baixos en vivendas ou aparcadoiros adecuándoos a nova densidade de poboación que se rexistre na zona.

En canto á cuestión das licenzas de obra sosteñen que relaxarse “pensando que somos a cidade galega que concede máis licenzas é enganarse xa que o goberno local só ten que saír a rúa e escoitar o que pensa á veciñanza ao respecto dos retrasos na concesión de licenzas”.

A realidade é que “nun departamento con 5 arquitectos saen semanalmente dende que empezou este mandato de 4 licenzas por semana (media de expedientes resoltos entre o 31 de xuño ao 27 de decembro) o que confirma que queda moito marxe de mellorar”.

Licitan o servizo de actividades da aula da natureza do Veral

A Xunta licitou por un orzamento inicial de 156.827,06 euros, IVE incluído, o servizo para a elaboración e execución de campañas e actividades divulgativas, de sensibilización e de concienciación ambiental a través das aulas da natureza de Siradella, no Grove, e O Veral, en Lugo.

Cunha vixencia de tres anos —2024, 2025 e 2026— aínda que prorrogable por outro exercicio máis, o obxecto principal deste contrato é contribuír a difundir os valores propios da Rede Natura 2000 e dos espazos naturais protexidos da Comunidade así como da biodiversidade e dos diferentes tipos de hábitats que albergan.

Deste xeito, nestas dúas aulas da natureza, os escolares e grupos organizados que asistan a algunha destas actividades poderán experimentar accións educativas ambientais que teñen como obxectivo fomentar o interese e curiosidade por descubrir e coñecer a contorna, proporcionando para isto materiais e instrumentos adecuados que faciliten e motiven a aprendizaxe e o coñecemento dos espazos protexidos. O contrato tamén prevé que ambas aulas teñan unha proxección didáctica fóra do seu espazo.

Abre o proceso de reconstrución do muro de Frai Plácido Rei Lemos

A Xunta de Goberno vén de aprobar o inicio do proceso de contratación para reconstruír o muro da rúa Frai Plácido Rei Lemos. Arroxo explicou que a finais de 2022, o Goberno de Lugo procedeu a apuntalar despois de que os servizos técnicos do Concello de Lugo revisaran o desgaste da infraestrutura durante máis de 15 anos.

“Coa reconstrución integral desta estrutura aplicamos un gran número de melloras con respecto ao estado anterior deste muro”, explicou. A actuación sae a licitación cun orzamento de 780.890,75€, e unha vez adjudicada terá un prazo de 10 meses para estar finalizada.

No proxecto contéplase a redución das cotas existentes entre a rúa Frai Plácido Rei Lemos e o Parque de Rosalía. “Crearemos un percorrido accesible para toda a veciñanza creando unha rampla accesible pola fronte do muro, na zona que parte do final do Paseo Vila de Foz, que remate na rúa Cidade de Viveiro, conectando o barrio de Recatelo co Parque sen barreiras arquitectónicas, avanzando nunha cidade máis accesible para todas as persoas”,



declarou o tenente alcalde.

A reconstrución busca mellorar a integración paisaxística do muro, ao mesmo tempo que busca eliminar a barreira arquitectónica que supón a diferenza de cotas, aplicando criterios como a o respecto polo entorno e a calidade estética da solución. A diferenza de alturas resolverase cunha solución máis orgánica e integrada que a actual, fuxindo da reconstrución dun muro de gran altura que non dialoga coa contorna. “Realizase un escalonamento do muro en distintos bancais, o que permitirá mellorar o impacto visual da estrutura”,

explicou Rubén Arroxo.

No primeiro dos bancais, o máis próximo á rúa Frai Plácido Rei Lemos, propónse unha zona completamente axardinada, “creando unha nova zona verde na cidade para o desfrute de toda a veciñanza, e avanzando no obxectivo de crear un gran pulmón verde nas rúas de Lugo, reducindo a temperatura do pavimento especialmente nos días de máis calor”, afirmou Rubén Arroxo.

No segundo dos bancais proxéctase unha praza arborada, plantexada como un pequeno espazo de descanso para a veciñanza.

Os populares piden a volta dos trens nocturnos de longa distancia

Os deputados do Partido Popular polas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra solicitan polo tanto información sobre se ten previsto o Goberno recuperar os trens nocturnos de longa distancia operados por Renfe que conectaban ata a chegada da pandemia do covid-19, as cidades e pobos de Galicia con Barcelona e Madrid. Motivos conxunturais e sanitarios derivados da pandemia da covid 10 levaron a Renfe en 2019 á suspensión temporal dos servizos do tren hotel Galicia-Barcelona. Unha das súas ramas partía da Coruña e pasaba por Lugo e a outra rama procedía de Vigo e pasaba por Ourense. Ambas se axustaban en Monforte de Lemos e desde alí saían deténdose en estacións de Valdeorras para seguir en traxecto e parar en varias localidades de Castela e León, como Ponferrada, Astorga, León, Palencia, Valladolid e Burgos e continuar pola Rioxa, Aragón e Cataluña, finalizando en Barcelona.

Durante a pandemia o Goberno explicou que Renfe suspendeu no seu momento a circulación de preto do 80% dos trens de media e longa distancia, garantindo, iso si, que se mantíña a conectividade.

O Goberno asegurou que “os servizos que se ofertaban antes da pandemia ían ir restablecéndose paulatinamente, pero é preciso que a situación sanitaria normalícese, e que se estude adecuadamente a demanda para adaptar a ela a oferta para realizar.”

O PP afirma que máis de tres anos despois daquela resposta, Renfe non procedeu a repoñer ningún dos dous trens hotel antes citados. E as últimas manifestacións gubernamentais que nos chegaron é que non existe previsión respecto a a reposición do “produto TrenHotel”. “Mentres isto ocorre no noso País, en Europa rexorde o tren nocturno. En Austria chegaronse a reabrir ata 26 liñas para trens nocturnos, incluíndo destinos a diversas partes de Europa.



Adega oponse á construción da Ronda Leste por ser “destrutiva”

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia reuniuse co grupo municipal do BNG, que foi o primeiro en dar resposta á solicitude para manter xuntanzas cos distintos grupos municipais do Concello. Mediante estas intervencións, pretenden trasladar aos diferentes grupos políticos a problemática ambiental do municipio de Lugo e as solucións que se propoñen.

De acordo con Adega, a boa saúde do medio ambiente é fundamental para o benestar e coidalo é fundamental para coidar a saúde, a economía e para unha vida saudable. “Administrar os nosos recursos de xeito equilibrado, democrático e sustentable forma parte do benestar social”. Por iso, trasladaron ao grupo municipal do BNG a preocupación polo estado das augas, das árbores, do aire, da biodiversidade e de todos

os elementos que integran o medio ambiente do Concello e o necesario aforro de enerxía “promovendo planos de aforro enerxético e avanzando cara a autosuficiencia mediante o aproveitamento das superficies xa urbanizadas”, como paneis solares ou pequenos aeroxeradores sobre naves industriais.

Neste sentido, pretenden coidar as árbores e incrementar o seu número, así como rexistrar os cursos de auga do municipio e “non construír sobre os nacementos destes cursos como aconteceu nas Fontiñas ou no barrio do Castiñeiro”.

Ademais, animan a reservar e coidar as beiras dos ríos como Miño e o Rato “imprescindibles para o bo funcionamento do ecosistema global” e completar o cinto verde da cidade “preservando as masas forestais que aínda a rodean.

Lorenzana visita a nova central de biomasa do barrio da Residencia

A conselleira de Economía, Industria e Innovación, María Jesús Lorenzana, destacou o servizo que vai prestar a nova central de biomasa do barrio da Residencia de Lugo, que cualificou como unha mostra do compromiso da Xunta coa sustentabilidade ambiental e económica do sector público en Galicia.

Esta infraestrutura vai subministrar enerxía térmica e electricidade a todos os novos edificios proxectados no complexo do antigo Hospital Xeral de Lugo, empregando como combustible biomasa forestal residual, ademais de paneis fotovoltaicos para autoconsumo e dous puntos de recarga de vehículos eléctricos. Trátase do centro integral de saúde, da Oficina de Emprego, da residencia de Maiores e Centro de Día e do futuro polo de emprendemento que van albergar estas instalacións. Cun investimento de 1,5M€, vai permitir reducir as emisións de dióxido de carbono á atmosfera en 295,3 t/ano.

Lorenzana enmarcou esta iniciativa na aposta que está facendo a Xunta de Galicia por reducir a factura



eléctrica e os custos enerxéticos nos servizos públicos fomentando o autoconsumo e a eficiencia enerxética. “Demuestra a aposta de todo o Goberno autonómico polas enerxías renovables e a sustentabilidade, e cremos que temos que empezar polos propios edificios públicos autonómicos”, abundou. Segundo dixo, as administracións públicas deben desempeñar un papel activo no consumo e aforro de enerxía, non só desde o punto de vista legislativo, senón como promotores e financiadores de medidas de mellora e como consumidores.

O campus estrea un punto de recarga para coches eléctricos

A instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos que xa están á disposición da comunidade universitaria fortalece o compromiso da USC coa sustentabilidade. Os devanditos puntos atópanse situados nas facultades compostelás de Matemáticas e de Filoloxía, así como na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo. Esta iniciativa entronca coa liña de traballo que a USC está a desenvolver para intensificar o vínculo dos espazos universitarios co tecido urbano e social no que se atopan inseridos.

As persoas que queiran beneficiarse deste servizo só teñen que descargar a aplicación para dispositivos móbiles, dispoñible tanto para Android como para iOS, que se atopa na web Puntos de recarga de vehículos eléctricos. Unha vez descargada, só é preciso buscar no mapa a localización, cubrir os datos necesarios e comezar a recargar o vehículo. Este servizo atópase dispoñible para membros da comunidade da USC que accederán empregando o seu correo institucional @usc.gal/es ou @rai.usc.gal/es. As dúbidas ou incidencias relativas á recarga poden trasladarse a través do número de teléfono +34 664 85 22 42 ou no enderezo electrónico soporte@digavel.com

Balace da situación económica da provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, presentaron no Pazo de San Marcos *Lugo en Cifras 2023*, un estudo elaborado por cuarto ano consecutivo pola organización empresarial grazas á colaboración da institución provincial, e que recompila os datos demográficos, sociolaborais e económicos máis significativos da provincia e dos 67 municipios que a conforman.

Destacou José Tomé que a institución provincial axudou a recuperar no ano 2020 esta publicación, que xa vai camiño de consolidarse. Valorou o Lugo en Cifras como “unha fotografía fiel e rigorosa, que retrata con exactitude o que somos, amosando aquilo do que debemos sentirnos orgullosos e no que debemos mellorar. Cifras nas que basear reclamacións xustas de investimentos ante outras administracións, e cifras sobre as que asentar modelos de progreso cara o futuro”.

A publicación constata “o potencial da economía da nosa provincia, como reflicten os últimos datos referidos a turismo, a actividade económica ou a empresas en activo”, sinalou o mandatario provincial. Desta forma, concretou, en xaneiro do 2022 a provincia xa tiña creadas un cento de empresas máis que no

mesmo mes do 2021, ata superar as 24.100 activas nos 67 concellos. Tamén remarcou o Presidente que os últimos datos dispoñibles apuntan ao incremento do Produto Interior Bruto na provincia nun 11 %, chegando así ata os 6.862 millóns de euros, o que representa o 12 % do PIB total de Galicia.

A publicación *Lugo en Cifras 2023* ofrece unha radiografía anual e exhaustiva da situación socioeconómica da provincia, incluíndo as consecuencias da irrupción da pandemia da Covid-19, xa reflicidas nos datos estatísticos definitivos dos diferentes organismos oficiais, así como o efecto rebote sucedido a continuación no pasado 2022.

En palabras de Jaime López, “somos unha gran despensa para España, pero fáltanos unha industria tractora para poder poñernos ao ritmo do crecemento económico doutras provincias do eixo atlántico”. Explicou o secretario da CEL que aínda que hai datos positivos, como pode ser no eido turístico, “cada vez somos máis coñecidos”. Sinalou que en termos xerais “o proceso evolutivo continúa sen moita variación”. Ademais, destacou a importancia de que Lugo teña unha Cámara de Comercio que funcione ao 100 % e agradeceu o compromiso da institución provincial para a consecución dese obxectivo.

O Concello presenta o orzamento para 2024, o máis alto da historia

A rexedora de Lugo, Lara Méndez, e o tenente de alcaldesa, Rubén Arroxo, presentaron o proxecto de Orzamentos municipais previsto para o 2024. “Un exercicio ao que se chega tras o diálogo permanente coa cidadanía para coñecer as súas necesidades, polo que son os orzamentos da veciñanza, e logo dos dous últimos mandatos no que os Concello fixo un tremendo esforzo económico para compensar as sucesivas crises económicas, a última derivada da pandemia e do conflito bélico en Ucraína”, sostivo a alcaldesa.

Anunciou a mandataria lucense, que “os Orzamentos municipais volverán ser, un ano máis, expansivos, aínda que tamén se tivo en conta o impacto do escenario inflacionista con relación ao 2022, cuxa tendencia é a diminuír, para concentrar os principais investimentos na finalización das intervencións xa iniciadas ou programadas, así como naquelas actuacións que máis demanda a sociedade, e tamén preparando proxectos de futuro, como a transformación do barrio da Milagrosa ou Feijóo, por exemplo”.

Deste xeito, os presupostos do Concello serán para este 2024 os máis elevados da súa historia: 121.855.425 euros, o que supón un incremento dun 3’27% (3.858.571 €) con relación aos de 2023.

Se ben a rexedora sinalou, antes de nada, que “este aumento se leva a cabo de acordo co marco de dispoñibilidade de recursos que se definiron



mediante unha previsión prudente e realista dos ingresos e sempre considerando o cumprimento do marco legal actual”, ao tempo que volveu sinalar que o Concello mantén desde o 2017 un nulo nivel de endebedamento.

Pola súa parte, o tenente de alcaldesa, Rubén Arroxo, valorou estes orzamentos, “deseñados baixo a idea de continuar a avanzar no proxecto de cidade co que levamos anos mellorando Lugo, facendo unha cidade máis amable para as persoas”.

Destacou que “o Orzamento permitiranos continuar cos proxectos xa iniciados e avanzar no tempo novo que abrimos desde o goberno, cun Lugo que aproveite o seu patrimonio histórico e natural” e afirmou que “a cidade continuará a avanzar na recuperación do espazo público para as persoas, no aforro enerxético e na mellora dos espazos urbanos, ademais de manter a decidida aposta do

Goberno pola cultura local e de base, poñendo en valor ás e aos artistas de Lugo”.

Arroxo destacou que estas contas se realizaron “contando coa opinión da veciñanza a través de diversas xuntanzas, coas que organizamos os Orzamentos Participativos deste ano”. Así, anunciou 365.000€ adicados á peonalización da Rúa Milagrosa, unha iniciativa que permitirá completar a zona de paseo entre o centro da cidade e a praza da Milagrosa, completando o trazado peonil que remata actualmente en Luís Seoane. Destaca entre os datos o incrementado dos ingresos nun 3’27%.

Mais este crecemento se reproduce tamén no capítulo de gastos, que sobe nas mesmas proporcións (3’27%) e suma un total de 63.578.723 € o que equivalería ao 52’18% do Orzamento.

Consulta os detalles do orzamento en www.lugoxa.com

A CEL presenta un proxecto sobre comunidades enerxéticas no rural

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, participou xunto ao secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo, Jaime López; ao deputado provincial, Pablo Rivera; e o presidente da asociación de instaladores electricistas e de telecomunicacións da provincia, na presentación do novo proxecto sobre comunidades enerxéticas da CEL.

A través desta Oficina, que prestará atención presencial na sede da CEL en horario de mañá, móbil nas diferentes localidades da provincia de Lugo a través dos Concellos e da Deputación de Lugo en datas concretas, e virtual a través da web, organizaranse diferentes accións de divulgación e asesoramento en materia de comunidades enerxéticas, promovendo a adopción de tecnoloxías renovables e a xestión responsable dos recursos en cada localidade e promocionando e dinamizando posibles comunidades enerxéticas na provincia por parte de cidadáns, pemes e entidades locais.

O secretario xeral da CEL destacou na súa intervención que en Galicia se concederon un total de cinco axudas para o impulso de comunidades enerxéticas e que “a Confederación de Empresarios de Lugo é a única organización empresarial adxudicataria dunha subvención deste tipo nesta Comunidade Autónoma”. Subliñou que a OTC CEL supón “un primeiro paso no camiño da necesaria transición nosa sistema enerxético”.

O secretario xeral da CEL destacou na súa intervención que en Galicia se concederon un total de cinco axudas para o impulso de comunidades enerxéticas e que “a Confederación de Empresarios de Lugo é a única organización empresarial adxudicataria dunha subvención deste tipo nesta Comunidade Autónoma”. Subliñou que a OTC CEL supón “un primeiro paso no camiño da necesaria transición nosa sistema enerxético”.

OPORTUNIDADE. Do mesmo xeito, recalcou que a Deputación de Lugo

e os Concellos son un punto imprescindible “para o éxito desta primeira fase de achegar e dar a coñecer entre as empresas e outras entidades e a cidadanía as posibilidades das comunidades enerxéticas así como para liderar a súa creación”. Pola súa banda, a subdelegada do Goberno fixo fincapé na importancia da “colaboración público – privada” para a posta en marcha de iniciativas como esta, que se pode constituir nunha “oportunidade única” para o rural, para camiñar na necesaria “autonomía enerxética a través do desenvolvemento comunitario”.

A subdelegada agradeceu á Confederación a posta en marcha desta iniciativa á que se referiu como “pioneira e innovadora para dar resposta a grandes desafíos da



tualidade como o despoboamento do noso rural derivado da falta de recursos e servizos, o illamento tecnolóxico en zonas afastadas dos núcleos urbanos, ou a optimización dos recursos enerxéticos”.

O proxecto conta co apoio do Goberno a través do Plan de Recuperación e está centrado na creación de comunidades enerxéticas, que se materializan a través dunha Oficina de Transformación Comunitaria ofrecendo asesoramento e proporcionando recursos e asistencia técnica a comunidades interesadas en adoptar tecnoloxías renovables.

Finalmente, Pablo Rivera resaltou que “a transición ecolóxica e enerxética son pilares” nas políticas do Goberno de España e que as comunidades enerxéticas son unha fórmula para “producir enerxía limpa” e unha “alternativa” fronte á subida dos prezos da luz. As comunidades enerxéticas son entidades que buscan fomentar o uso de enerxías renovables e o autoconsumo e aforro enerxético.

DEPUTACIÓN



Os concellos recibirán do Plan Deputación 21,75 millóns

O Goberno provincial aprobou no Pleno ordinario de fin de ano as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos (antes Plan Único), que decidiu subir ata os 21,75 millóns de euros, o que supón transferirle aos 67 municipios da provincia o 20 % do orzamento provincial, seguindo criterios públicos e obxectivos –como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial-, e cun respecto total á autonomía municipal.

O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor de PSdeG e BNG, e a abstención do PP. O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación forma parte do “noso compromiso de máxima coo-

peración cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou o mandatario.

PLAN DEPUTACIÓN. “Cumprimos co acordo que temos no Goberno de incrementar ao longo do mandato o Plan Deputación nun millón de euros, cun cuarto de millón cada ano. Polo tanto, no 2024 subímolos en 250.000 euros. Tamén se modifica o tope máximo que había, sendo coñecedores de que os concellos que teñen máis poboación tamén teñen máis necesidades”. Exemplificou o mandatario provincial que as obras que se fan grazas a este programa son “moitas, son máis de mil obras que se financian co Plan Deputación, por iso tamén lle cambiamos o nome para que se identifique mellor quen fai os investimentos”.

“Afianzamos o peso deste plan nos presupostos provinciais, cun nivel de compromiso cos concellos que non ten parangón na Xunta de Galicia –pois non conta cun plan semellante, e mantén o Fondo de Cooperación Local nun raquíto 1,1 % do total do seu presuposto-; nin tampouco nas deputacións de Ourense –que se apunta a esta medida, pero queda moi por debaixo desta institución-, e de Pontevedra –que recorta os fondos en máis dun 21%”, afirmou.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a un xeito de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia”. Porto concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle achega a Deputación.

A institución aproba os orzamentos do 2024

O Goberno provincial aprobou definitivamente tamén os orzamentos da Deputación para o ano 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. A institución contará con 116 millóns de euros, un 5,32 % máis ca neste 2023, para ofrecer máis servizos públicos e favorecer o dinamismo económico da provincia, sobre todo no rural.

O presuposto saíu adiante, xa que, seguindo o informe do servizo de intervención, desestimáronse as dúas únicas reclamacións presentadas ao mesmo durante o período de exposición pública –unha polo alcalde de Becerreá e outra pola Plataforma Pro Residencia da localidade-, dado que “xa existe crédito orzamentario para dotar de equipamento e seguir avanzando cara a apertura do centro coa incorporación de remanentes”.

Así o explicou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen, aludindo ao informe de Intervención, lembrou que o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Becerreá para a construción da residencia contempla a aplicación das baixas das licitacións ao propio centro, e que “os remanentes á data actual ascenden a 1.318.781,98 euros”. Así mesmo, “existe unha dotación de 300.000 euros no orzamento dispoñible de ser preciso”. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro valorou o Plan Deputación como unha ferramenta fundamental para a financiación de investimentos nos concellos.

Durante o pleno, o vicepresidente destacou que “os concellos recibirán 21,75 millóns de euros, distribuídos seguindo criterios obxectivos, establecidos nas bases da convocatoria que aprobamos hoxe, garantindo que todos os concellos saiban os recursos dos que van dispoñer para o ano que vén”.

SERVIZOS SOCIAIS. As bases do Plan Deputación está publicadas e os concellos poderán concretar as accións a desenvolver cos fondos asignados, distribuídos en función da superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial. Ademais de investimentos en infraestruturas, o Plan Deputación ofrece aos concellos financiamento para outros servizos como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados, así como programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro.

RESIDENCIAS. García Bermúdez lanzou unha “mensaxe de tranquilidade” aos veciños e veciñas de Becerreá porque “este Goberno cumpre”. Así o demostra, incidiu, coa apertura no pasado mandato de seis centros de atención a maiores, co que conta con 9 en funcionamento. Ademais, ten dúas residencias en construción, e avanza no procedemento para abrir a de Becerreá e outras 6, co que completará a rede de 18 previstas.

Esixen á Xunta que complete os pagos pendentes da PAC

A Deputación esíxelle á Xunta que complete canto antes os pagos da PAC pendentes de cobro polos gandeiros e gandeiras da provincia para que reciban xa a totalidade dos 180 millóns de euros que lles corresponden. A voceira socialista do Goberno e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa e puxo o foco en que grazas ás xestións do Goberno de España, que tivo en conta as necesidades dos gandeiros e a situación que vive o sector dende o inicio da guerra

de Ucraína, os gandeiros e gandeiras poderían ter cobrado xa en outubro arredor de 130 millóns de euros como adianto do total a percibir.

“Pero eses pagos atrasáronse porque a Xunta non foi capaz de facer en tempo e forma os controis administrativos precisos para poder tramitar eses fondos”. A moción aprobada recolle tamén que a Xunta adopte as medidas necesarias para mellorar a xestión administrativa e garantir que os gandeiros e gandeiras poidan cobrar os anticipos completos.

Licitados os equipamentos para participar no plan Impulsa TIC

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación, por un importe de preto de 2,2 millóns de euros, do subministro do primeiro lote de equipamentos e servizos tecnolóxicos que, unha vez adquiridos, a institución provincial proporcionará de maneira gratuíta aos 52 concellos da provincia que decidiron adherirse ao programa Impulsa TIC. Un proxecto que, como explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, a Deputación puxo en marcha “grazas aos fondos que conseguimos da Unión Europea, e que ten como obxectivo colaborar cos

concellos para avanzar na súa transformación dixital e ofrecer un mellor servizo á veciñanza”.

En concreto, o material que a Xunta de Goberno aprobou licitar servirá para mellorar a eficiencia dos servizos básicos da Administración dixital e favorecer as sinerxías e a colaboración entre entidades; a creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns; a integración dos sistemas de tramitación municipais cos sistemas de padrón e contable; e a implantación dun sistema de automatización e dixitalización dos plenos municipais.

“Nas vindeiras semanas aprobaremos a licitación de material por outros 2,3 millóns de euros, co que completaremos o investimento de 4,5 millóns de euros co que está dotado en total o programa Impulsa TIC”, explicou García Porto, quen engadiu que, unha vez licitados e adjudicados todos os equipos e servizos, a Deputación procederá á súa distribución entre os 52 concellos que decidiron sumarse a este proxecto. A deputada lembrou que “todo o material atende á realidade e ás necesidades” que os propios concellos lle trasladaron á institución.

AO NOSO CARÓN

friol

As fotografías de Adra Pallón poderán verse en San Paio de Narla



O Museo Fortaleza de San Paio de Narla amosará ata o vindeiro 1 de marzo o traballo fotográfico documental de Adra Pallón, dentro dun ciclo posto en marcha pola Rede Museística da provincia.

Os incendios forestais, a loita obreira fronte á desindustrialización, o éxodo silencioso do rural e a realidade da clase traballadora son as

temáticas que protagonizan o percorrido fotográfico que propón o premiado fotógrafo lucense baixo o título "Intrahistorias.Luz entre as cinzas". A deputada de Cultura Iria Castro participou na presentación e coloquio da mostra, na que Adra Pallón falou sobre o medio fotográfico e a relación deste coa sociedade actual.

O Concello utiliza os produtos da súa hostalaría para o calendario

Un ano máis, o Concello de Friol elaborou un calendario para repartir entre os veciños da localidade. Nesta ocasión, para ilustrar o ano 2024 utilízanse imaxes dos produtos da zona, "para poñer en valor a variedade e calidade da nosa hostalaría".

"A nosa gastronomía baséase no esforzo continuo mantido durante xeracións para obter os mellores manxares.

Grazas ao bo saber e bo facer

das nosas xentes, os produtos de Friol son ricos en calquera das variedades en que se presenten. Neste calendario que chegará a todas as vivendas do municipio ofrecemos en imaxes a riqueza da nosa gastronomía local", explicou o alcalde, José Ángel Santos.

O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.

As mulleres rurais de Pol celebran un baile os primeiros venres de mes

A Asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol continuará este ano coa actividade de baile os primeiros venres de cada mes co acordeonista Carlos como acompañamento.

Estes teñen lugar na caseta da Carballreira, en Mosteiro, de 17.00 a

18.00 horas.

O prezo da entrada é de 3 euros por persoa e está aberto a toda a poboación que desexen pasar un rato ameno. O colectivo lembra tamén que mantén aberta a inscrición para as actividades anuais.

O Concello supervisa cunha visita o funcionamento do centro de día

Os maiores que asisten diariamente ao Centro de Día da Xunta de Galicia que Afalu xestiona no Concello de Friol, recibiron a visita de parte do equipo de Goberno local, acompañados por Carmen e Valentín, presidenta e xerente de Afalu.

"Quixemos así agasallar en estas datas tan sinaladas, a estas persoas maiores que disfrutan de este servizo tan importante e necesario nun pobo como Friol", dixo.

Este centro leva funcionando máis de tres anos e ten en estes momentos 11 usuarios. Este servizo dispón de 14 prazas públicas, subvencionadas pola Xunta.

"Este é un servizo fundamental para a poboación que ten algún tipo de problema relacionado co



Alzheimer, ou que ten probabilidade de telo, posto que os profesionais que traballan aquí están especializados en traballar con estas persoas e conseguir que a

súa enfermidade avance o máis lentamente posible, e incluso que poidan recuperar certas facultades que viron reducidas", afirma Santos.

Friol acollerá en xuño as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia

O Concello de Friol acollerá do 28 ao 30 de xuño as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia, que organiza a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. A presentación oficial do evento tivo lugar o martes 9 de xaneiro no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol, coa participación do conselleiro de Medio Rural, José González Vázquez, que estivo acompañado do alcalde de Friol, José Ángel Santos, e o presidente do colectivo deportivo Hércules, Thor López Arias, que se encarga do desenvolvemento do campionato.

Consideran desde o Concello que Friol é a localización idónea para este evento, xa que, "ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada". Habilitarase unha ampla zona de acampada e unha zona camper para furgonetas e autocaravanas, aínda que cada equipo é libre de xestionar o aloxamento pola súa conta. A comarca de Friol ten capacidade hoteleira suficiente para dar servizo aos visitantes, contando ademais coa cidade de Lugo a 20 minutos en coche para poder dar hospedaxe a visitantes que non o atopen no propio municipio ou nas casas rurais próximas. A inspiración para crear estas primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia xorde das primeiras olimpíadas rurais



que se celebraron en España: as dos Pedroches (Estraña, Córdoba), que desde hai 14 anos congregan cada verán a 48 equipos de todo o sur para competir nunhas Olimpíadas que recuperan os xogos tradicionais dos pobos.

Para esta primeira edición oficial de Galicia exponse a competición cun máximo de 24 equipos chegados de toda a xeografía española, coa idea de ir aumentando cada ano ata un máximo de 48 equipos en futuras edicións.

HORARIO. As Olimpíadas comezarán o venres 28 de xuño pola tarde coa gala inaugural, na que todos os equipos desfilarán polo pobo ata chegar á praza de Andón Cebreiro, onde estará situado o escenario para ir presentando a cada un dos equipos. Despois da gala inaugural celebraranse as primeiras probas da

competición.

Sábado e domingo pola mañá, ao toque de diana. Celebrarase un almorzo conxunto no que os preto de 500 participantes degustarán gratuitamente os mellores produtos da zona: queixo, pan, leite, embutidos, froita etc.

As principais probas que se disputarán nestas Olimpíadas son xogos tradicionais populares como os zancos, os tiradores, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacadalo, a cucaña, os mizos, as cintas, a corda, a carretilla, a sillita da raíña, a corda ou os cántaros.

O domingo 30 de xuño celébrase a xornada final, coa realización das últimas probas e a gala final con entrega de premios, sorteos, agradecementos e despedida. As Olimpíadas pecharanse nunha comida de confraternización cunha paella xigante gratuíta para todos os participantes.

pol

Os socialistas propoñen investir na mellora de pistas e accesos

Os socialistas de Portomarín propuxeron no Pleno municipal empregar os 264.000 euros que recibirá o Concello do Plan Deputación en diferentes actuacións destinadas a mellorar a mobilidade do municipio. Así o explicou o voceiro do PSdeG, Marcos Arias, quen sinalou a necesidade de empregar este investimento para seis actuacións en diferentes vías municipais. O alcalde e o seu equipo votaron en contra aínda recoñecendo a necesidade das medidas propostas polos socialistas.

Concretamente, os socialistas propoñen a reparación e rexeneración da rúa Peregrino, incluíndo a reparación do apeadeiro de autobuses; as pistas de Gonzar a Cernada, de Vilar a Domez en Vilaxuste e de San Mamede a Vilaríño; o acceso a Valderramos; e completar as vías que faltan por aglomerar en Castrolázaro.



Arias explica que tamén presentaron unha moción para remodelar o espazo que o Club Fluvial de Lugo emprega como almacén no entorno da piscina municipal e que este poida acoller un parque infantil cuberto. “Outra das mocións que os socialistas levaron ao Pleno deste venres propón iniciar os trámites necesarios para requirir á empresa madeireira

responsable que repare os danos provocados nos accesos a Vigo e Reboredo (na parroquia de Río) e a apertura dun expediente sancionador, tal e como contempla a Ordenanza municipal, que prevé compensacións por un importe superior aos 6.000 euros. “Este acceso leva en pésimas condicións desde o pasado mes de novembro”, denuncia Arias.

A localidade contará coa terceira edición da BeerFest en maio

Portomarín contará con terceira edición da BeerFest, que se celebrará do 3 ao 5 de maio de 2024 con obxectivo de seguir crescendo en presenza de cervexeiros e de público logo do éxito das citas precedentes.

Pero a organización non só adiantou a data de celebración, tamén deu a coñecer os produtores que formarán parte desta cita, que vai

encabezada polos británicos Verdant e Beak. Pero tamén destacan outros moitos como a grega Seven Island ou Garage, Caley, Pyrene, Rec, Espiga, Sanfrutos, Attik e Alé. A oferta volve ser ampla para cubrir os gustos de todos os amantes da cervexa e completárase cunha oferta lúdica que se dará a coñecer en próximas datas, así como o apartado musical.

O Portomarín Beer Fest pretende posicionarse como un festival cervexeiro de referencia no chan da comunidade galega. Xorde como iniciativa dun grupo de afeccionados, algúns coñecedores do sector, tras traballar durante anos en locais especializados en cervexa artesá que buscan, organizándoo, dar resposta a un baleiro de eventos desta índole en Galicia.

Celebran o aniversario do Camiño como Patrimonio da Humanidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou durante o acto de celebración do 30º aniversario da declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade pola Unesco, o aumento do impacto económico e social do Camiño de Santiago na comunidade galega nas últimas décadas e resaltou o “éxito colectivo” que supón pechar este 2023 con récord histórico de peregrinos a pesar de non ser Ano Xacobeo. “Estes 30 anos nos teñen que encher de orgullo polo que conseguimos colectivamente e agora que encaramos dentro de moi pouco tempo esa década xacobeamos seguir traballando así para que os que, dentro

doutros 30 anos lles toque avaliar o que se fixo nestas tres décadas podan dicir que as cousas se fixeron ben e que un Camiño que ten moitos séculos de historia séguese mantendo tan saudable como o primeiro día”, manifestou.

Na súa intervención, Rueda recoñeceu que aínda que o Camiño de Santiago leva actuando como nexo de pobos e culturas desde hai séculos, o ano 1993 supuxo “un antes e un despois”, logo de obter o recoñecemento da Unesco e de celebrarse o Xacobeo 93, que permitiu que os Anos Santos transifiran a esfera relixiosa para converterse en todo un referente sociocultural no que se im-

plica toda a comunidade.

No que vai de 2023 xa son máis de 444.000 os cidadáns que recolleron a súa Compostela e, tal e como salientou o presidente, Galicia volveu bater un récord histórico de peregrinos a mes e medio de finalizar o ano a pesar de non ser Xacobeo.

Rueda animou a seguir “medrando con sentidíño sen esquecer o que somos e que debemos conservar” e traballando no Camiño do futuro que pasa por ser máis sostible, máis accesible e no que haxa unha maior colaboración público-privada. Para iso e coa mente xa posta no vindeiro Ano Santo, a Xunta ten en marcha un plan específico.

CONCURSO DE POSTAIS



O Concello de Portomarín escolleu as súas postais gañadoras do concurso posto en marcha este ano. As seis gañadoras foron utilizadas para elaborar a composición coa que o Concello felicitou a toda a veciñanza. Cintia, Lucas, Iria, Nerea e Raúl, todos eles nenos e nenas do colexio Virxe da Luz, foron os autores das postais gañadoras

Denuncian que o centro de saúde local quedou sen médico

O Grupo Socialista denuncia que a Xunta deixou sen ningún médico ao centro de saúde nalgunha xornada. Un feito que consideran “moi grave e que non se pode consentir porque temos dereito a unha atención sanitaria digna”, ao tempo que explican que dende o ambulatorio chamaron a primeira hora desta mañá aos pacientes para anularlles a cita e pospoñerlles, logo de tela confirmada. O voceiro dos socialistas de Portomarín, Marcos Arias, explica que “no noso concello, onde hai máis de 1.100 cartillas sanitarias, estamos sufrindo un total desmantelamento do centro de saúde. Temos dúas prazas de médico no ambulatorio, pero unha leva sen cubrir dende que a persoa titular se xubilou antes da pandemia”, detalla. “Hai que ter en conta que a nosa poboación está moi envellecida, e ademais somos lugar insignia do Camiño de Santiago, o que fai que á nosa localidade veñan moitas persoas que tamén

necesitan atención sanitaria”, explica Arias. “Non podemos estar sen médico, é surrealista esta situación, esiximos que se cubran as dúas prazas e que a situación de hoxe non se volva repetir”, indica.

Arias pídelo ao alcalde que interceda para atallar “canto antes” esta situación. “Ten que defender os intereses dos veciños e veciñas de Portomarín onde sexa e ante quen sexa, e agora estamos ante unha situación moi grave e inxusta por parte da Xunta de Galicia, ten que actuar”.

Os socialistas alertan de que “a desastrosa xestión da Xunta coa Atención Primaria e o servizo de Pediatría lévanos a unha situación nos concellos insostible e de deterioro do noso sistema sanitario público”. “Non contratan a xente para cubrir nin as vacacións nin os permisos do persoal e isto lévanos a que temos centros de saúde abertos pero sen médicos. Que será o próximo que vexamos? O centro de saúde pechado?”



PREMIO. A decoración de Nadal do Concello de Portomarín foi a foto gañadora do concurso posto en marcha este ano polo TIC-Servizos Audiovisuais da Deputación de Lugo. Foi esta a foto máis votada polo público das redes sociais nunha apertada loita coa decoración do Concello de Meira. As outras dúas opcións foron o belén xigante de Viveiro e o belén de Begonte.

“Tento saltar todas as barreiras que se me poñen no camiño”

María Lombao Perez é a autora do libro ‘Mi vida sobre rodas’, un proxecto co que busca sensibilizar á sociedade a través da súa propia historia

Porqué decide escribir este libro?

A idea de escribir o libre xurde xa que na actualidade aínda que a sociedade sabe o que é a discapacidade non sabe o que é de portas para dentro, como se sente un cando o vive na propia pel. Por iso decidín escribir este libro, para que todo o mundo poda ser consciente do que as persoas con discapacidade pasamos e do que sentimos.

Que historia podemos atopar en ‘Mi vida sobre rodas’?

Eu conto a miña historia, a miña vida e as trabas que atopei ao longo do camiño, todo o que superei e como fixen para superalo. Por exemplo durante a miña etapa escolar, toda as cuidadoras que me acompañaron correron a cargo dos meus pais, cando é algo do que a administración se ten que facer cargo ou as diferentes barreiras arquitectónicas que atopei cando cheguei ao colexio.

Como é todo o proceso para levalo a cabo?

No ano 2015 xa tiña a idea de escribir o libro, pero estaba rematando o bacharelato e despois fixen un ciclo e as prácticas e non tiña demasiado

tempo. Cando rematei os estudos e contaba con máis tempo comecei a dedicarllo a escritura do libro. Para min o máis difícil de realizar foi o prólogo, despois hai capítulos que foron máis sinxelos e outros que foron máis duros. En total foron dous anos de traballo para sacar adiante este proxecto.

Onde o podemos atopar?

Actualmente está publicado e dispoñible de maneira enlíñe, a min gustárame que saíse en formato físico pero a editorial na que eu quería publicar dábame largas polo que finalmente optei por publicalo en dixital. De todas formas se alguén ten algunha dificultade para ler de maneira dixital ou non ten acceso pódese por en contacto comigo e fágollo chegar de maneira física.

Con que momentos deste proceso disfrutou máis?

Desfrutei de moitas etapas pero o que máis foi a escritura do capítulo dez, ‘os meus momentos de pracer’. Isto disfruteino moito porque recorda os meus momentos de lecer e onde máis feliz fun. Pero a verdade é que me gustou moito todo o proceso en xeral de levar a cabo o libro.

Que busca aportar coa escritura deste libro?

A min gustárame sensibilizar un pouco máis a sociedade, é verdade que as cousas melloraron moito, pero aínda nos queda moito traballo que facer porque moita xente segue mirándonos con pena. Transmitir a idea de que somos persoas normais, con sentimentos e que tamén queremos atopar un traballo cunhas condicións dignas, que na actualidade, isto segue a ser moi difícil. E tamén quería facer ver que si que se pode, con ganas, esforzo e co apoio da xente que te quere. No meu caso se non fose polos meus pais e todas as persoas que me axudaron ao longo da miña vida non estaría agora aquí.

Como recibiu o seu entorno a noticia de que ía escribir un libro?

Moi ben, acollérono moi ben, eu penso que con ter as ideas claras e saber como plasmalas é suficiente. Eu a través deste libro intento saltar todas as barreiras que se me poñen no camiño, e intento facer ver que aínda que a vida é dura sempre hai algo que che quita un sorriso.



Outeiro de Rei contará cun CIM grazas a unha proposta do BNG aprobada por unanimidade

O grupo municipal do BNG de Outeiro de Rei conseguiu no último pleno a unanimidade para a creación dun Centro de Información á Muller no Concello.

Así, a sesión plenaria aprobou no súa totalidade iniciar o proceso para dotar á poboación de Outeiro de Rei dun CIM, dando un prazo de 2 anos para dispoñer dun local e para obter o financiamento necesario.

Elvira Lombao, concelleira do BNG en Outeiro de Rei, defendeu a importancia deste tipo de centros que “garanten o fomento da igualdade e a prestación dun servizo de información ás mulleres, proporcionando asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre recursos, así como de calquera outra actividade que teña por obxecto a promoción dunha sociedade xusta e igual”.

Supervisan a obra das piscinas, realizadas con fondos do Plan Hurbe

A Xunta avanza no apoio aos concellos para urbanizar e humanizar as vilas e núcleos rurais a través de actuacións como as enmarcadas no Plan Hurbe, que para o ano 2024 conta cun orzamento de 8 millóns de euros. Así o destacou a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, nunha visita ás obras de mellora que se están a realizar no concello de Outeiro de Rei por importe de 1,1 millóns de euros.

O proxecto que visitou Ángeles Vázquez é un exemplo destes traballos de desenvolvemento dos espazos municipais ao permitir a creación dunha nova área de ocio nunha parcela de preto de 2.700 metros cadrados de superficie, na zona de Santa Isabel, ao carón do río Miño. Nel a Xunta inviste 770.000 euros e o concello os 330.000 euros restantes. As obras que se están a realizar in-

clúen a instalación de dúas piscinas -unha de uso infantil e outra para adultos-, unha zona destinada a usos complementarios con aseos vestuarios e área de enfermaría, un edificio polivalente que albergará unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños así como un centro de BTT cunha zona de taller para reparar bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos.

A vicepresidenta puxo en valor que o Plan Hurbe impulsa o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais en clave de sustentabilidade económica, medioambiental e social, contribúe a mellorar os equipamentos e dotacións -incrementando o atractivo das vilas, núcleos rurais e a calidade de vida dos seus veciños-, fomenta a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas e favorece a incorporación das últimas tecnoloxías en todos os eidos.



A rehabilitación do Mosteiro de Ferreira de Pallares dá comezo

As obras de rehabilitación impulsadas pola Xunta no Mosteiro de Ferreira de Pallares, puxéronse en marcha logo dunha visita do conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, a este ben localizado ao pé do Camiño Primitivo.

Os traballos teñen como obxectivo fundamental solucionar os problemas de humidade e colonización biolóxica presentes na igrexa. Para iso cambiarase a cuberta, recuperando a estrutura de madeira, restauraranse as carpinterías e executarase un sistema de drenaxe efectivo ata

o nivel dos alicerces, para evitar que o subsolo se vexa afectado coas fortes escorrentías de auga e mitigar a presenza de humidade no pavimento interior da igrexa. Ademais, acometerase a limpeza da fábrica de pedra, eliminando as colonizacións biolóxicas, así como os rexuntados con morteiro de cemento, que se substituirán por uns novos de morteiro de cal. A maiores, e dado o seu deterioro actual, restaurarase tanto o coro como a portada e a reixa e renovarase a instalación eléctrica e o sistema de iluminación do templo.

Realizan a campaña de promoción do comercio local

A Asociación de Comerciantes de Rábade organiza unha campaña para promover o comercio local baixo o nome de 'Merca no comercio local', no que poderán participar todos os veciños e veciñas nun sorteo.

Así, as persoas interesadas en participar poderán facelo mercando en diferentes establecementos do municipio: Saneamentos Luis Día Díaz, Ferretería Portela, Peluquería Baúl da Beleza, Mercería Laura, Joyería Núñez, Frutas Geles, Clínica Veterinaria Chairegos, Academia Amparo, Saneamientos Antonio Díaz, Carnicería Xulfe, Arbelos Librería, Estanco Rábade, Confecciones Xempre, Blanca Mercería, Librería Capicúa, Bar Mozarte, Café Arcos, Cervecería Ágora e Papelería Garabullo. O sorteo, que terá lugar na sesión vermú das Festas de San Vicenzo o vindeiro día 27 de xaneiro de 2024, repartirá unha cesta con produtos dos establecementos adheridos e 20 vales por valor de 30 euros.



Rematan as Cegas de Nadal de fútbolín

Rábade volveu acoller unha nova edición das Cegas de Nadal na Meca, que contaron de novo cunha ampla participación dos amantes do fútbolín.

Os campións desta edición foron Cristian Manfer e Carlos Varela con Felipe López e Héctor Bande colocados na segunda posición. Ademais Chechu e Anxo clasificáronse

en terceira posición e Alberto e Raúl na cuarta.

A cesta que se sorteou no Papyrus foi para Celeste e o sorteo do Máster de Rábade correspondeu a Cristian e Senén.

Na segunda ronda de cegas, os campións foron Felipe López e Alberto Lago e os subcampións Torino e Raúl Páramo.



Éxito da Don Silvestre, con 378 participantes

Rábade contou un ano máis coa súa tradicional carreira popular de San Silvestre, que chegou á súa IX edición cun total de 378 inscritos nunha proba disputada o domingo 31 pola mañá.

A Don Silvestre Rabadense para os máis pequenos estivo dividida en tres grupos, con percorridos entre os 50 metros e os 1.200 metros. Des-

pois fíxose a carreira absoluta, cunha participación de 255 persoas.

Ao ser unha proba non competitiva non houbo clasificación pero si, ao remate do evento, fíxose entrega dos premios aos catro mellores disfraces. Recibiron un agasallo e unha medalla todos os menores participantes e houbo sorteos ademais dun refrixerio ao terminar.

guntín

Remata o obradoiro compartido entre Guntín, O Corgo e O Páramo

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fixo entrega dos diplomas ás 20 persoas que remataron a súa formación no obradoiro de emprego Ponte de Areas.

O obradoiro de emprego foi promovido polos citados concellos e financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 504.000 euros. Arias explicou que hai uns días púxose en marcha a sétima edición do obradoiro, que suporá "oportunidades laborais para máis persoas desempregadas e novos proxectos de mellora de espazos públicos".

As dúas propostas que se suceden nos tres concellos están relacionadas con actividades auxiliares da construción, e suman un investimento de máis dun millón de euros e media dúcia de obras de mellora en espazos públicos.

O alumnado do obradoiro que agora remata formouse na especialidade de Operacións de revestimentos continuos en construción. No concello do Páramo traballaron na rehabilitación dunha vivenda en en Piñeiro para alugamento social, no acondicionamento das fontes de Ardeverde, Beleigan e Outeiro, e na instalación da fonte ornamental na



praça de acceso ao centro social. No municipio do Corgo reformaron o interior da cámara agraria para oficinas de servizos sociais do Concello,

mentres que en Guntín fixeron obras de rehabilitación do edificio da Garda Civil e dotaron de aseos ao alpendre municipal para apeiros agrícolas.

PROGRAMA DE EMPREGO CON PORTOMARÍN

Rematou tamén o programa integrado de emprego promovido no último ano polo concello de Palas de Rei en colaboración cos de Monterroso, Portomarín, Antas de Ulla, Guntín, O Páramo e Melide.

Ademais anunciouse a posta en marcha dunha nova, integrada polos mesmos municipios. En cada un destes programas toman parte 100 persoas desempregadas, ás que se lles ofrece unha formación para o emprego e a posibilidade de facer prácticas profesionais non laborais en empresas en consonan-

cia co contido teórico-práctico das accións formativas. Un mínimo de 15 persoas teñen que realizar estas prácticas.

No que respecta á actividade que finaliza, destacou a cifra de participantes menores de 30 anos – un total de 62 – con diferentes perfís. Os contidos incluíron orientación para atopar un emprego, obradoiros, simulacións de entrevistas laborais, habilidades sociais, traballo en equipo e intelixencia emocional. Tamén se ofreceu formación sobre o proceso de emprender.

POSTAIS DE NADAL



O Concello de Rábade entregou os premios do concurso de postais de Nadal, que chega á XVII edición. A alcaldesa de Rábade, Reme González, e o concelleiro Carlos González, foron os encargados de facer a entrega. As vencedoras foron Yenli Milagros (Categoría A, de 3 a 5 anos), Yanira Casanova (Categoría B, de 6 a 9 anos) e María Nogareda (Categoría C, de 10 a 14 anos). Tamén levan premio o 2º e o 3º posto. A dotación dos premios é de 60 euros para o primeiro, 40 para o segundo e 20 para o terceiro. Deberán ser cambiados no comercio de Rábade.



PRAZA DE ESPAÑA. Xa remataron no concello de Rábade as obras de recuperación de espazos públicos na Praza de España. O Goberno local vén de finalizar os últimos traballos dunhas obras que consistiron na recuperación dun espazo "que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado", explicou a alcaldesa ao inicio das obras. Eliminouse o "vertedoiro" no que se tiña convertido a antiga fonte, repuxeron as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farois de fundición, ao tempo que se recuperou a zona como espazo público para uso e disfrute da veciñanza.



Piden que se cubra a ausencia de médicos no centro de saúde

O BNG convocou unha segunda concentración pola defensa da sanidade pública da comarca. “A Xunta intenta facer en Castroverde o que xa se fixo noutros centros de atención primaria, redúcese a calidade do servizo ata pechar o centro de saúde”, afirmou Carme Aira

“Na ausencia das doutoras titulares, houbo substitucións pola tarde pero a veciñanza non foi avisada, ademais, a día de hoxe non se pode coller cita ata o día 4. Ter un médico substituto pola tarde sen que ninguén o saiba é malgastar os recursos”, explicou Iria Castro. “Ademais temos que ter en conta que a atención pediátrica esta compartida con A Fonsagrada e cando esta facultativa colle vacacións ou baixas

nunca se substitúe. Nestes momentos os nenos e nenas de Castroverde non teñen atención pediátrica ata o día 12”, dixo.

Iria Castro tamén anunciou a presentación dunha moción no vindeiro pleno de finais de xaneiro “onde instaremos á Xunta de Galiza a cubrir as ausencias dos médicos de familia e pediátricos”, durante 2 días á semana Castroverde non ten atención pediátrica.

Iria Castro pide que as tres forzas políticas con representación no Concello “se unan para reiterar o seu firme compromiso coar sanidade para Castroverde”.

De feito, realizáronse dúas manifestacións na localidade, a primeira delas convocada precisamente o día 2 de xaneiro e ámbalas dúas co mesmo fin.



A subdelegada estuda a situación da Fortaleza

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, amosou o seu interese polo proxecto de humanización e mellora do barrio da Fortaleza no concello de Castroverde, que opta aos fondos do programa 2% cultural do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Nunha xuntanza co alcalde da localidade, Xosé María Arias, coñeceu de primeira man a proposta presentada nesta nova convocatoria.

Isabel Rodríguez salientou “a aposta do Goberno de Pedro Sánchez pola recuperación e conservación arquitectónica da provincia”, indicando que o programa mobilizou máis de 735.000 euros en Lugo para financiar actuacións de rehabilitación do patrimonio histórico, aportando o Goberno preto de 477.000 euros.

Neste caso, o concello de Castro-

verde opta por mellorar este espazo público polo que pasa o Camiño Primitivo de Santiago, “unha zona de especial relevancia patrimonial polo castelo que dá nome ao barrio e polo paso da ruta xacobeá”. A subdelegada aseverou que “traballamos man a man cos concellos, recollendo as súas propostas para garantir a protección dos seus recursos patrimoniais”.

Nesta liña, Isabel Rodríguez remarcou que o compromiso do Goberno coa conservación e posta do patrimonio reflíctese no incremento que experimentou a porcentaxe de financiamento deste programa na convocatoria do 2023, elevándose do 1.5% ao 2%, o que supón 20 millóns de euros máis, ata un total de 80 millóns de euros dispoñibles na convocatoria deste ano.

O BNG ve insuficiente o orzamento local

A concelleira do BNG, Iria Castro, lamenta que os orzamentos de Castroverde aprobados para o exercicio 2024 sigan a inercia dos anos anteriores do Goberno municipal. Uns orzamentos que, segundo indican, son unha mostra máis da ausencia de proxecto do Goberno e que repiten patróns ano tras ano e nos que faltan investimentos importantes como plans reais para o gran patrimonio de Castroverde como o castelo ou a recente descuberta necrópole de Páramo.

Segundo o BNG, estes orzamentos non van revertir as necesidades actuais de mellora e mantemento das infraestruturas, xa que “un 18% do orzamento é para o amaño de estradas, o cal non estaría mal se non levasen fondos tamén do Plan Único e doutros plans da Xunta.” As estradas amáñanse “sen ningún tipo de orde, poñendo remendos aquí e aló sen ningún tipo de plan de mantemento”, manifesta a voceira nacionalista. Nestes últimos orzamentos lamentan que as axudas para as políticas de promoción do comercio local, turismo e apoio a pequenas empresas queden a 0. “Como se pode fomentar e atraer investimento a un Concello con 0 apoio ao mesmo?”, din. Neste sentdo, o BNG votou en contra destes orzamentos porque “son insuficientes para Castroverde porque non teñen en conta a realidade do Concello e son curtpracistas”.

CONCURSO DE DECORACIÓN



A concelleira de Cultura do Concello de Castroverde fíxolles entrega dos correspondentes diplomas aos gañadores do concurso de decoración de escaparates con motivo do Nadal 2023, organizado polo Goberno local. O primeiro premio, dotado con 300 euros, correspondeu a Súper Otero 21 mentres que o segundo, de 200 euros, foi para Serra Castroverde SL. O terceiro correspondeu a Almacenes Balonga, que recibirá 100 euros. Este premio en diñeiro en metálico deberán gastalo nos distintos establecementos comerciais participantes no concurso, exceptuando no propio de cada un, “polo que é un diñeiro que queda no pobo, e no que saen gañando tamén outros establecementos aínda que non foran premiados”, explican desde o Concello.

O local do Palco acolle unha exposición permanente de Luis Hixinio Flores Rivas

Grazas ao Proxecto Corgoral, todas as persoas que visiten o Palco (Punto de Atención á Lectura do Corgo) e a Casa das Asociacións do Corgo poderán gozar dunha senlleira escolma fotográfica da exposición *Paisaxes humanizadas – Terras vividas*.

Trátase dun total de dez imaxes a cores de gran formato, todas elas da autoría de Luís Hixinio Flores Rivas, que teñen como fío condutor a presenza da auga no territorio lucense.

Esta escolma fotográfica, cedida polo Museo do Pobo Galego ao Concello do Corgo, consolídase a partir de agora como significativa e destacada exposición permanente nas devanditas dependencias, sempre baixo custodia responsable da edilidade corguesa.

A nova planificación industrial reduce o espazo do polígono local

A segunda modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE) afecta un total de 24 ámbitos industriais pertencentes a 18 concellos e planifica, entre ampliacións, áreas de nova incorporación e reaxustes na superficie dalgúns dos que xa estaban previstos, un total de 662.321 metros cadrados de solo industrial máis dos que se contemplaban no documento anterior. O alcance da nova actualización afecta só unha parte dos parques e ámbitos industriais inicialmente previstos no PSOAE, que ven agora alterada a súa delimitación ben reducindo a súa superficie ou eliminando parte dos seus ámbitos, ben substituíndo algúns deles, total ou

parcialmente, por outros nunha localización distinta.

En concreto e con relación ás 24 áreas afectadas pola modificación aprobada, cómpre destacar a incorporación ao documento de dous polígonos de nova creación nos concellos das Pontes de García Rodríguez (nos terreos da antiga mina de lignito) e en Mos.

Así mesmo, redúcese a superficie inicial prevista para o desenvolvemento doutros nove ámbitos co fin de axustar ou diminuír o seu tamaño e adaptalos deste xeito á realidade actual. É o caso das áreas empresariais de Cabana de Bergantiños, O Corgo, Palas de Rei, a Cidade do Moble da Estrada, Pontecesures e Valga.

castro de rei



Ponte Outeiro completa máis de vinte anos de asociación veciñal

Dende hai máis de vinte anos, a parroquia de Ponte Outeiro que pertence ao concello de Castro de Rei, conta cunha asociación que naceu co obxectivo principal de agrupar aos veciños e encargarse do mantemento do campo da festa, do teleclub e dos cemiterios.

Esta asociación conta coa colaboración de todas as casas do pobo, sobre unhas cento vinte, pero tamén hai outros socios que aínda que non teñen casa en Ponte Outeiro colaboran coa asociación xa que están vinculados dalgún xeito con esta localidade.

Bailes de salón ou talleres de memoria para a xente maior foron algunha

das actividades que se celebraron en Ponte Outeiro e na actualidade todos os veciños poden desfrutar dun baile o primeiro domingo de mes. Un encontro no que a música e o movemento son os protagonistas e no que ademais de bailar, as case oitenta persoas que acudiron, puideron desfrutar dunha deliciosa comida na última destas xuntanzas.

A comida veciñal de todos os anos é outro dos grandes momentos desta parroquia de Castro de Rei. Organizada pola asociación foron unha das primeiras da contorna en realizala e xa levan máis de vinte anos.

Conta tamén cun teleclub, un local social que fixo a parroquia financia-

do cos cartos de todos os veciños e que está situado no campo da festa. Ten un bar, servizos e outro local no interior que se utiliza para diferentes actividades como por exemplo o caticismo dos pequenos. Este espazo, que está a disposición de todos os veciños, serve tamén para acoller reunións e celebracións doutras asociacións como a Festa da Troita organizada polos Amigos do Miño.

Na actualidade dende a directiva gustaríaalles que xente nova tomase o relevo e lle deran unha nova vida á localidade con actividades para nenos e tamén para a xente moza. Un relevo con ganas de traballar e de volver a dinamizar Ponte Outeiro.

Alba Sinde reclama unha atención constante no centro de saúde local

Os socialistas de Castro de Rei denuncian que o consultorio do municipio "leva tempo con graves deficiencias", así o defendeu a voceira do PSdeG no municipio, Alba Sinde, que explica que durante días alternos e outras veces continuados só está a atender un médico dos tres profesionais que deberían prestar servizo, o que obriga á veciñanza a desprazarse para recibir atención médica.

"A xente ten que desprazarse a Outeiro de Rei ou a Lugo porque aquí só hai capacidade para atender ás urxencias; como sempre o rural é o

que máis paga a incompetencia e a mala xestión da Xunta", reprochou Sinde.

A socialista sinalou que a sanidade leva tempo deteriorándose, "non temos un pediatra a tempo completo, xa que ten que repartirse entre diferentes concellos e ten moitísima sobrecarga. A situación é inviable".

Por outra banda, Sinde tamén trasladou a necesidade de que o Concello poña "as ferramentas necesarias para buscar unha solución definitiva aos constantes problemas da depuradora do municipio".

O CD Castro organiza un campionato de tute

O CD Castro organiza de novo o torneo de tute, que será o sábado 3 de febreiro para o que hai un máximo permitido de 64 parellas. A inscrición está aberta a un prezo de 100 puntos por parella. De completarse o número total de inscritos, haberá catro premios para os gañadores da fase principal que recibirán 1.300, 400, 250 e 150 puntos cada un. Na primeira re-

pesca os vencedores conseguirán 300, 150, 120 ou 80 puntos e os da segunda, 200, 100 e un lote de queixo. Os dous primeiros de cada grupo tamén terán trofeo. A sesión incluíra cea con callos, churrasco, sobremesa e café.

O torneo será na caseta do polbo de Castro Ribeiras de Lea. As inscricións poden realizarse nos teléfonos 627 903 692 e 620 543 355.

o corgo

Os premios de Arumes do Corgo, para Jorge Carril e Adrián Pérez

O colectivo Arumes do Corgo repartiu os seus premios literarios do certame Terras de Chamoso. O acto tivo lugar no Punto de Atención á Lectura do Corgo, amenizado polas actuacións de Lengua Dereita e Os Zanfoneiros da Tradescola. Na categoría de poesía, o gañador foi o coruñés Jorge Carril, coa súa obra *Lembranzas*, mentres que o segundo foi para Susana Antón Mandayo, de Pontevedra, con *Explicación da explicación*.

En relato o primeiro premio foi para Adrián Pérez, de Madrid, por *A defensa d'o Val*. O segundo correspondeu a outro coruñés, Julio Romero Suárez, pola obra *O miradoiro de Suevos*.

Tamén houbo premios para as categorías infantil e xuvenil. En poesía o primeiro premio entre os máis



pequenos foi para Paula Reija con *Morriña de Galicia*, e o segundo para Daniela Freire, con *Miña terriña galega*. Ámbalas dúas son de Castroviride. En xuvenil o primeiro quedou deserto e o segundo foi para Uxía Seoane, de Pontevedra con *A miña terra*.

En relato gañou unha veciña do Cor-

go, Mia Shine, na categoría infantil con *A pereira da tía Miseria*. O segundo foi para Carla Carracedo con *Vivencias dos labregos galegos nos anos 40-50*. Tamén houbo un accésit para Daniela Alvariño. Na xuvenil tampouco houbo primeiro premio e o segundo por para Ana Lestado con *As cousas cambian*.

HOMENAXE Á JESÚS ABUÍN ARIAS



O Punto de Atención á Lectura do Corgo acolleu un acto público de homenaxe á figura de Jesús Abuín Arias, fillo predilecto e cronista oficial do Concello do Corgo. A loanza do homenaxeado correu a cargo do coñecido escritor corgués Mario Outeiro. Posteriormente, foi presentado o Inventario de Fondos Bibliográficos do Palco, un exhaustivo traballo que recolle os 4.466 rexistros correspondentes aos 5.473 volumes da biblioteca do Punto de Atención á Lectura do Corgo. Este inventario foi elaborado con carácter voluntario e altruísta por Natalia Silva, a quen tamén se lle rendeu un merecido tributo en sinal de agradecemento.

COLABORACIÓNS

Pais helicópteros

O PUPITRE



Julio Díaz

Estes pais tratan de asumir unha responsabilidade de excesiva nas experiencias, nos éxitos e nos fracasos dos seus fillos. Son pais “comprometidos” coa crianza dos seus fillos e moi a miúdo excédense no que eles entenden como un cariño inmenso e desinteresado. Ocorre moitas veces que este cariño ten efectos negativos no desenvolvemento adecuado da personalidade dos seus fillos. Estes pais coñecidos como “pais helicóptero” preocupáanse en exceso pola súa seguridade e polo seu benestar creando unha “burbulla” protectora sobre eles.

Malia que a intención é boa, esta forma de educar adoita

levar a unha grande dependencia e inseguridades nos seus fillos. Os pais helicópteros acostuman ser figuras sobreprotectoras que “sobrevooan” constantemente sobre os seus fillos/as para ter un control absoluto sobre as súas vidas.

A sobreprotección enténdese como o exceso do coidado por parte dos pais sobre os seus fillos/as, é unha implicación emocional intensa e constante que leva a unha necesidade imperiosa de control do seu fillo o filla. Ponse como pretexto as boas intencións de velar pola súa seguridade. Mais, non se pode ter os rapaces illados nunha burbulla, de maneira que pase a ser o centro de todas as atencións, ocultándolle todos os perigos, isto só fai que non se deixe evolucionar, entorpecendo o seu desenvolvemento. En moitas ocasións, os pais fomentan condutas inacep-

tables e non deixan que realicen determinadas tarefas porque prefiren facelas eles, intentando evitar riscos innecesarios. Pensan que o mellor e facerlles a vida máis fácil e por iso procuran anticiparse a calquera necesidade ou perigo que os rapaces poidan ter.

O que leva esta sobreprotección é que a maioría das veces xéralles dificultades para cumprir as normas e límites impostos, potencia a desadaptación familiar, prexudica a súa adaptación social e o seu desenvolvemento psicolóxico; estas condutas sobreprotectoras evitan que o neno experimente situacións incómodas, sendo os seus pais os que resoven os problemas sen darlle oportunidade aos/as nenos/as de defensa por si mesmos, impedindo que exploren e experimenten, evitando así unha magnífica oportunidade de aprender,

permitindo que fagan o que queiran a pesar da existencia de normas e regras.

Levar á práctica este supercontrol non deixa que os rapaces evolucionen emocionalmente, afectándolles na súa madurez e impedíndolles converterse en persoas críticas, independentes e autónomas, producindo neles sentimentos de inseguridade.

É imprescindible recordar que educar fillos independentes e seguros non significa abandonalos ou deixalos desprotexidos. O que se trata é de atopar un equilibrio entre axudalo e permitirlle desenvolver habilidades para afrontar os desafíos da vida por si mesmos. Os pais debemos estar presentes como guías e proporcionar as ferramentas necesarias para que os nosos fillos adquiran seguridade, confianza e autonomía.

ESA É A NOSA FUNCIÓN.



Xustas reivindicacións

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nas últimas semanas estamos a ver accións de protesta protagonizadas polas traballadoras da limpeza. Si, en feminino, xa que a práctica totalidade deste sector está composto por mulleres, ao igual que moitos outros, como por exemplo a axuda no fogar que se presta desde os concellos ás persoas dependentes, e do que temos falado nesta mesma columna.

Aínda coa prudencia que cómpre manter cando se aborda calquera tema, si estamos en condicións de mostrar certa perplexidade ao escoitarmos que os honorarios destas asalariadas atópanse por debaixo do salario mínimo interprofesional. Un entendía que calquera traballador por conta allea nunca podería cobrar menos do estipulado polo goberno. Pois semella que existe

algunha excepción. En segundo termo, o que resulta un clásico, o colectivo é dos peores pagados en comparación con outras comunidades autónomas. Que raro, verdade?... E para continuar coa serie de despropósitos, a oferta que lles presenta a patronal de ámbito estatal, Aspel, segundo as forzas sindicais, ridícula e miserenta, xa que esa subida para os vindeiros anos non compensa a perda de poder adquisitivo do colectivo. Lembremos que o incremento do índice de prezos ao consumo (I.P.C.) foi de case un seis por cento en dous mil vinte e dous e entorno ao catro no dous mil vinte e tres. En consecuencia, a folga que comezou a mediados de outubro segue sen ser desconvocada. Asistimos a manifestacións, peches en edificios públicos e outras medidas de presión que non están tendo o efecto desexado, co prexuízo que iso supón, sobre todo, para as implicadas nesta loita, ademais da lóxica repercusión na cidadanía. Estas xustas reivindicacións ser-

ven, por se cabía algunha dúbida, para que o conxunto da sociedade se dea conta do que significa o traballo que desenvolven certas ocupacións. Este é un claro exemplo; os centros de saúde, ambulatorios e hospitais, residencias de maiores, colexios, oficinas das distintas administracións, comunidades de veciños e ata moitos outros locais onde se leve a cabo calquera actividade que precisen dunhas condicións de hixiene para que as funcións que nelas se realicen podan desenvolverse con normalidade son limpados por estas mulleres que protestan. E lamentablemente, en xeral, non somos quen de por en valor ese labor profesional e todo o esforzo que se atopa detrás. Minimizamos ou incluso menosprezamos algo que cando non o temos, entón si que botamos as mans á cabeza. E neste caso, en numerosas ocasións alúdese á feminización deste grupo e á súa baixa cualificación para non empatizar coas súas precarias condicións laborais. Parece como se o feito de ser muller e

O RECUNCHO DE CANELINA

chamáchesme pouca roupa
se tes moita teu proveito
teño menos que despir
á noite cando me deito



canelina galega



que o traballo non requira de titulación académica, sexa motivo para perpetuar unha situación que noutras moitas circunstancias non se toleraría.

Polo tanto, sen desconsiderar outras reivindicacións, estamos diante dun considerable número de mulleres –si, de mulleres– que

exercen os seus dereitos como empregadas, buscando deixar atrás unha estigmatización negativa e demandando unhas melloiras nos seus salarios que son xustas e que deben ser atendidas por quen corresponda. Tense unha débeda pendente con elas e cómpre saldala dunha vez por todas.

DEPORTES

Carmen Lence, nova presidenta do Consello do CB Breogán

Carmen Lence foi elixida como presidenta do Consello de Administración do CB Breogán despois de reunirse e acordar así a distribución de cargos entre os membros do consello ratificados polos accionistas na última Xunta Xeral.

Pola súa parte, Narciso Fernández foi elixido como vicepresidente, mentres que o secretario quedou designado na figura de Alfonso Orol. Pola súa parte, os vogais serán José Antonio Díaz e a Fundación Breogán, representada por Julio González, un dos seus novos patróns.

Así mesmo, Nuria Varela-Portas e o xerente da Fundación Breogán,



Salva Arco, pasan tamén a formar parte do Padroado da Fundación, e este último, ademais, intégrase na estrutura do club. O Consello de Administración agra-

dece a Carmen Lence, máxima accionista e patrocinadora do club coa súa marca Río de Galicia, o seu compromiso ao asumir a presidencia da entidade.

Alta participación na última carreira do ano

A San Silvestre de Lugo, organizada polo Club Fluvial, despediu o ano o domingo 31 pola mañá cun gran éxito de público, xa que chegou a congregarse un total de 800 participantes. Iker Fernández e Sandra González foron os protagonistas ao facerse coa medalla de ouro da competición nas súas respectivas categorías.

Fernández marcou un tempo de 24,11 minutos para completar o percorrido, de 7,3 quilómetros, que se desenvolveu pola contorna do Club, ás beiras do río Miño. A segunda posición masculina foi para Nicolás Arrojo, cun tempo de 24,28. Completou o podio Jarno Pousada con 24,39 de crono. 28,42 foi o tempo de Sandra González para facerse co ouro na feminina absoluta, seguida de Elena Veres e Carmen González.

Na categoría cadete o podio masculino estivo formado por Samuel Vidal, Rafael Rábade e Gabriel González e o feminino por Carmen Rábade, Adriana Reboló e Safya Moumni.

Na infantil, o vencedor foi Hugo Zuluaga, pero a segunda e terceira praza foron para Fabio de las Heras e Telmo Méndez. Na feminina o podio estivo formado por Lucía Varela, Mencía Álvarez e Claudia Morán.

Nicolás Villar foi o primeiro na categoría alevín, seguido por Saúl Lareo e Álex Muñoz, mentres que Lía Núñez obtivo o primeiro metal na feminina, seguida de Claudia Álvarez e Daniela Mourín.

Finalmente, na benxamín, o triunfo foi para Luca Villar, ao que seguiron Antón Quiroga e Daniel Guerrero, como segundo e terceiro. Na feminina, Antía Sanmartín foi a primeira, seguida de Iria Enríquez e Sara Real.



Troitas Bravas faise co primeiro posto na xeral de billarda en Ribadeo

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O campo de fútbol de Outeiro, na Devesa, atopábase en bastante mal estado, mais a billarda non se achica e coa asistencia de 67 palanadores (45 homes, 14 donas e 7 cativos) disputouse o XVI torneo do Galo, aberto Vila de Ribadeo correspondente á quinta xornada da LNB da conferencia NorLeste da tempada 2023/2024.

A xeadade de mañá foi trocando paseniño e desde o alto, Lorenzo foi espectador privilexiado da xornada, ollando como catro grandes da billarda loitaban polo podio final: Basilio, Charli, Navallo e Sachas, empatados a 23 puntos optaban a podio. Charli (Carabullo) conquista unha nova praza no seu amplo currículo, segundo foi Sachas (Troitas Bravas) e terceiro Basilio (Billardeiros Musicais). Desta volta o bravo David Navallo non puido acompañar o seu

compañeiro Sachas no podio.

Disque as Troitas son de auga doce, mais estas Bravas souberon nadar seguras nas augas da Mariña e o seu triunfo na xornada deulles tamén o primeiro posto na xeral. O segundo equipo foron Billardeiros Musicais e terceiros Billarda Río Miño.

En donas, as Musicais Billardeiras Aroa e Geni e mais Sandra (Troitas Bravas) foron as mellores.

En infantís, mais unha volta Diego e Mateu (Madia Leva) fixeron podio como primeiro e terceiro, deixando o segundo posto para Alba (Troitas Bravas).

Agradecemos a presenza do Concelleiro de Deportes de Ribadeo, Francisco Silvent, na entrega de medalla de Ouro pra os campións de cada categoría; uns lotes de produtos de Nadal para os tres primeiros da xornada e para o mellor equipo e medallas para tódolos cativos participantes.

Lugo e Os Ancares serán protagonistas en agosto de La Vuelta 2024



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, subliñou que a cidade de Lugo e Os Ancares serán protagonistas na 13ª etapa de La Vuelta 2024 o 30 de agosto, cun percorrido de 171 quilómetros e cualificado como de montaña. Fixoo na presentación oficial da 79ª edición da proba, celebrada en Madrid, onde puxo en valor que a competición volve a discorrer pola provincia grazas ás xestións da institución provincial, que aportará 40.000€ a través dun contrato de patrocinio coa entidade organizadora, Unipublic. A capital lucense é o punto de partida da etapa, que pasará por Baralla, Alto Campo de Arbre, Alto do Portel, Villafranca del Bierzo, Ponferrada, Porto de Lumeras, Tejedo de Ancares e Porto de Ancares. Unha etapa con importantes puntos de ascenso, tendo en conta que a subida final a Porto de Ancares terá 7,7 quilómetros ao 9% e ramplas do 15%, e os últimos 5 quilómetros a unha media do 12%.

Nesta gala á que asistiu Tomé Roca desveláronse as localidades e as datas polas que transitarán

as 21 etapas da proba no 2024, que arrancará o 17 de agosto en Lisboa e rematará en Madrid o 8 de setembro. “O obxectivo que motivou á Deputación para volver a colaborar coa organización de La Vuelta para o seu paso pola provincia forma parte da nosa estratexia para impulsar o desenvolvemento social e económico, neste caso coa promoción do territorio a través do turismo”.

La Vuelta Ciclista a España é seguida anualmente en 190 países, que chegan a unha audiencia real de 400 millóns de espectadores. A meirande parte dos seguidores están localizados en países de Europa, como Francia, Bélxica, Italia ou Noruega, entre outros, pero tamén están presentes en todo o arco americano, cunha grande audiencia en Colombia, e en Asia, con presenza en países como Xapón.


No ano 2021, La Vuelta discorreu pola provincia na etapa 19, entre Tapia e Monforte de Lemos. Foron 187,8 quilómetros, deles 139 por 12 concellos lucenses, e estivo considerada de media montaña.

Daniel Martínez González estará no Campionato de España

O atleta rabadense Daniel Martínez González acadou o seu pase para o Campionato de España de pista cuberta despois de conseguir unha marca nos 1.000 metros de 2:43.67.

Así, disputará no Campionato de España de atletismo unhas das probas máis complicadas na súa carreira deportiva e profesional no mundo do atletismo.

Hai máis de tres meses xa foi preleccionado pola Federación Galega de Atletismo para o Campionato de



España de Federations Autonómicas Sub16 para a proba de 1500 obstáculos.

Regreso ao verde tralas vacacións

Os equipos da provincia proseguen coa Liga despois do descanso de dúas semanas do Nadal coa mirada posta no ascenso

O Nadal trouxo para todas as categorías do fútbol un merecido descanso de practicamente dúas semanas para acometer a segunda quenda da Liga, que se retomou para a maior parte deles na primeira semana de xaneiro.

Moitos dos equipos da provincia fixeron os seus deberes antes da pausa de decembro e acometen esta segunda fase con moitas esperanzas de lograr un ascenso de categoría ou mesmo a permanencia noutros casos.

Pero o tempo de descanso de Nadal trouxo moitas sorpresas tamén. O primeiro equipo da provincia, o CD Lugo, anunciou tralo último partido, a destitución do seu adestrador, Pedro Munitis, que foi substituído polo portugués Paulo Alves, técnico cunha notable traxectoria no mundo do fútbol do máis alto nivel.

O CD Lugo foi o primeiro en volver pisar o verde, o día 2 de xaneiro, coa visita do Celta Fortune, o líder do grupo, no Anxo Carro. Situado entre os dez primeiros, o albivermello contempla como unha posibilidade clara a permanencia na categoría, á que descendeu no pasado curso, facendo valer os resultados ata o de agora, entre os que figuran un gran número de empates.

Os resultados foron os que levaron á saída do anterior adestrador, malia que o equipo só perdeu unha vez fóra de casa, en Cornellà. A piques

de chegar ao ecuador da tempada, o CD Lugo ten unha difícil tarefa para manterse en postos de play off para o ascenso.

Unha situación moi similar está a vivir o Vilalbés de Simón Lamas, situado tamén no top ten da Segunda Federación, categoría na que está a facer o seu labor e na que os empates xogaron un importante papel de cara a manterse na parte alta. Os vilalbeses recibiron ao Pontevedra no reinicio da competición e no partido que marcou a fin da primeira volta. Os resultados, moi parecidos aos do Lugo en número de vitorias e derrotas, ofrecen unha visión de respecto ao adestrador, Simón Lamas, un home de club.

Tamén volveron ao verde os equipos de Terceira Federación da provincia de Lugo, os tres na zona morna dunha táboa na que case non hai distancias. O mellor situado é a Sarriana, que ten a promoción a menos de dez puntos aínda que con moitos equipos por diante a escasas distancias. En peor situación están o Viveiro e o Polvorín. Os dous teñen un pé xa na categoría inferior. De feito, o filial do Lugo, que tamén cambiou de adestrador, non logra saír dunha dolorosa quenda de derrotas.

Na categoría inferior, o CD Castro e o Ribadeo FC sobreviven no medio da táboa nunha categoría na que as distancias son tamén poucas agás co líder, o Noia, que saca xa unha



cómoda vantaxe. Os mariñaos e os chairegos, que tiveron un percorrido moi diferente, teñen poucas opcións de poñerse nalgún dos dous únicos postos de promoción, pero si de manterse para o ano que vén. Estao pasando peor o Club Lemos, que sobrevive preto da zona de descenso facendo valer os empates, xa que é o equipo que máis ten dentro da categoría. Xusto por debaixo está o CD As Pontes, club coruñés moi

vinculado á Terra Chá, que xa o ano pasado logrou manterse en Preferente por pouco e que este non logra mellorar posición. Tempada para esquecer é a do Residencia, que non logra saír do pozo do descenso, lonxe polo tanto da sétima posición na que rematou a pasada campaña.

FÚTBOL PROVINCIAL. Nas categorías inferiores, o Pol vai camiño do

ascenso a Preferente, logo de varios intentos nas tempadas anteriores. Aínda non fixo máis que gañar e mantén unha ampla vantaxe cos seus perseguidores, que en primeira liña están Escarirón e Chantada Atlético. As malas noticias son para o Portomarín, Milagrosa e Guitiriz, situados na zona vermella.

Na Segunda Galicia, o Pastoricense lidera o grupo Norte, seguido de preto por Vilalbés B, Iberia, San Ciprián e Folgueiro, que ocupan polo momento os postos de promoción. Non volverán á competición ata a segunda fin de semana de xaneiro debido á disputa da Copa Deputación na súa fase previa.

Na parte baixa están Muimenta e Roupar.

No sur, o Oural é o que ten máis vantaxe para chegar ao ascenso directo logo dunha gran primeira parte de Liga. Ao asexo están Friol, Becerreá, Brollón e Antas. O descenso está agora definido para SD Chantada B e Spórting Lucense.

Na Terceira Galicia norte, o Barreiros está destacado na carreira polo ascenso, co Casás, debutante este ano, ocupando o segundo banzo da táboa. As opcións de play off son para Goiriz, Rioaveso, Castroverde e Piringalla.

No sur, os ascensos directos están no Páramo e en Rubián mentres que os postos de play off ocúpanos Sober, Río Sil, Santa Comba e O Corgo.

LIGAS FEMININAS

Esta fin de semana de Reis retomouse a competición feminina, na que PM Friol e Lugo compiten na Terceira Federación, como principais representantes da provincia. As primeiras ocupan unha cómoda sexta praza mentres o Lugo intentar sobrevivir. Custoulle moito ao equipo albivermello recuperarse dunha estrea desastrosa na categoría. Pola súa banda as friolesas están a demostrar un gran estado de forma malia a polémica coa súa adestradora, que segue a sacar resultados positivos deste pioneiro equipo, que estivo de aniversario.

Non foi unha boa tempada pola contra para os equipos da provincia nas competicións galegas. O PM Friol B intenta saír do fondo da táboa de Primeira, onde caeu logo dunha mala xeira que foi superada puntuando nos últimos catro partidos antes do descanso. En Segunda, sorte desigual. O San Roque está en postos de ascenso e o Antas nunha zona cómoda da táboa mentres Milagrosa e Chantada pechan as súas respectivas listaxes cun pé na Terceira.

A última competición conta cun Lugo B liderando cun pé xa no ascenso mentres Monte Forte e San Lázaro están situados ás portas da promoción. Na zona media loita o Carballado e na parte baixa a Comercial.

Comeza a Copa Deputación

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina unha ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participan 88 equipos de 1ª e 2ª División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición deu comezo este 7 de xaneiro coa Fase Previa para os 56 equipos de Segunda e Terceira Galicia. Os deza-seisavos de final serán o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos de final o 1 de maio, semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

OUTRAS CATEGORÍAS. Por outra banda, os 22 equipos da Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina teñen a fase previa o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos o 1 de maio, as semifinais o 26 de maio e a final o 2 de xuño.

Os 10 equipos da Liga Galega 1 División Feminina

e Liga Galega 2 División Feminina teñen fase previa o 11 de febreiro, os cuartos de final son o 28 de marzo, as semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

Esta competición ofrece aos equipos a posibilidade de participaren nunha competición

de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs, xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo premia os equipos por cada eliminatoria xogada (entre 385 e 600 euros) e concede unha contía adicional para os equipos campións e subcampións (entre 3.000 e 5.000 euros).

O vicepresidente da Deputación valorou tamén "a contribución destes torneos á dinamización das localidades que acollen os encontros, xa que o fútbol é un deporte que conta con moitas persoas afectadas".

FASE PREVIA

FRIOL B	2-4	IBERIA
CABREIROS	3-2	MONDOÑEDO
CELEIRO	2-2	ROUPAR
GOIRIZ	0-2	CASTROVERDE
SAN CIPRIÁN	1-1	COMERCIAL
CATRO ROLDAS	2-0	RIOAVESO
FOLGUEIRO	1-2	VILALBÉS B
BARREIROS	1-1	COSPEITO
PIRINGALLA	4-0	ALFOZ
COMERCIAL B	0-5	CANDELARIA
MATELA	2-3	XERMADE
ABADÍN	1-2	PASTORICENSE
RÍO SIL	2-2	CARABALLEDO
RELÁMPAGO	0-4	BECCERREÁ
BROLLÓN	3-2	CHANTADA B
TABOADA B	1-4	ANTAS
PALAS	0-0	QUIROGA
FRIOL	1-1	SAN LÁZARO
MONTERROSO B	2-4	OURAL
O PÁRAMO	3-2	O INCIO
CORGO	2-2	FERREIRA
RUBIÁN	0-0	SANTA COMBA
CHANTADA ATL B	4-2	SP LUCENSE
SOBER	0-3	PARADELA

FÚTBOL BASE

Para os xuvenís de competición nacional, a situación é complicada. Tanto o Lugo de División de Honra como o de Liga Nacional están na zona vermella e necesitan remontar para salvar a categoría. Esta mesma situación atravesará o Lugo infantil de División de Honra, mentres que o cadete está na zona alta logo dunha gran primeira fase.

Na xuvenil galega o Vilalbés mantense en zona de promoción, mentres que o Viveiro afíanzase discretamente no medio. O Residencia está provisionalmente fóra de perigo pero na zona conflitiva e a debutante Sarriana non logra saír do pozo. Nos cadetes, o Lugo B e o Residencia quedan na zona media. Dispar tamén a situación na infantil, na que o Viveiro toca a zona de promoción mentres o Vilalbés e o Polvorín intentan saír do descenso. Nos femininos, o PM Friol cadete está na zona baixa, superado polo Milagrosa. Pola contra, as milagrosistas do infantil están enganchadas á parte alta.

Nas provinciais, os da zona norte teñen ao Milagrosa xuvenil moi destacado na loita polo ascenso á Galega. Na cadete, Lourenzán, EF Polvorín e San Roque están á cabeza dos seus grupos para entrar na loita pola categoría superior, e na infantil os privilexiados son Lugo B, Residencia e Milagrosa.

O Lugo substitúe a Munitis no banco nunha xeira de despedidos

O CD Lugo volveu cambiar de adestrador durante a pausa de Nadal. O club fixo un comunicado de madrugada no que fixo público o cese do adestrador Pedro Munitis logo do último partido do ano, no que perdeu pola mínima fóra ante o Cornellà.

Este resultado non compraceu ao club malia a boa xeira das anteriores semanas, nas que o Lugo logrou tocar os postos de play off de ascenso situado na sétima praza da competición e clasificarse para a Copa do Rei. O duelo foi o único que perdeu o Lugo fóra de casa naquel momento no que sumaba 7 vitorias, 5 empates e 5 derrotas.

“Desde esta institución quere agradecerse, tanto a el, como ao seu corpo técnico, o seu arduo traballo e profesionalidade demostrada durante o tempo no que pertenceron á disciplina do club, e deséxanselles os maiores éxitos persoais e profesionais no futuro”, explica o club no comunicado.

Non tardaron moito en anunciar ao substituto, o luso Paulo Alves, que



posúe unha longa experiencia no fútbol profesional e que debutou con derrota ante o líder o 2 de xaneiro (0-1).

OUTROS CESES. O cese de Munitis non é o único que se produciu no club no resto de equipos de alta competición. Así, o filial tamén cambiou de adestrador de súpeto. Roberto Fernández, que chegou este curso á dirección, foi substituído por Roberto Trashorras, que era o ano pasado o encargado do banco. A

razón deste cambio foron tamén os malos resultados, xa que o filial está en postos de descenso da Terceira Federación con só 3 vitorias en 13 partidos.

Pero na base tamén se produciron despedimentos nesta tempada polos malos resultados. Así, no xuvenil B, Kike Avarelos foi substituído por Fran Fernández, que dirixía ao cadete de División de Honra. O Lugo B está en Liga Nacional Xuvenil tamén en zona vermella. O lugar de Fran Fernández no cadete ocúpao David Fernández, que antes era o segundo adestrador deste equipo. Malia o cambio, a situación non mellora para o conxunto, que logrou algún punto máis pero segue na zona perigosa. Así mesmo, os resultados lastran ao equipo de División de Honra Infantil. O seu adestrador desde o inicio, Aarón Sánchez, tamén foi cesado e substituído por Jonatan Iglesias, outro dos adestradores da base do club. Este é o que peor resultados ten, xa que só logrou dúas vitorias nos 13 partidos disputados.

O CN Portamiñá sumou 30 medallas no Galego de natación

O CN Portamiñá de Lugo tocou teito de novo no Campionato Galego de natación para as categorías júnior e absoluto que se celebrou nas instalacións de Friga os últimos días do ano.

O club lugués logrou sumar un total de 30 medallas, das que 20 foron de ouro, obtidas logo de liderar as clasificacións xerais en ambas as dúas categorías.

O CN Portamiñá liderou con 914 puntos a clasificación absoluta, por diante do Pontearreas e o Ferrol. Foi unha situación moi similar á vivida na categoría júnior, que encabezou con 781 puntos, por diante tamén dos mesmos clubs que na absoluta. As irmás Inés e Sofía Mourenza sumaron elas soas un total de oito medallas.

Tamén o Club Fluvial obtivo grandes resultados, cun total de 12 medallas, 7 delas de ouro, cun cadro liderado por Ana Cernadas, que se levou para casas tres medallas de líder.

Remata con 2 medallas para os locais o VI Torneo de Nadal de fútbol sala

A sexta edición do Torneo de Nadal do Lugo Sala finalizou con poucos premios para a provincia.

Realizáronse dúas fases e máis de 160 partidos disputados en seis categorías e con máis de mil xogadores participantes de 106 equipos que gozaron da competición nos cinco pavillóns da capital lucense nos que se disputaron todos os encontros.

Este evento converteuse un ano máis nun referente a nivel galego e nacional sendo así un destino turístico-deportivo.

Finalmente, Moprisala Toledo en categoría infantil e benxamín, O Esteo FS en alevín, O Parrulo Ferrol en xuvenil e Lugo Sala en cadete foron os grandes triunfadores do torneo tras proclamarse campións. Na fase autonómica tamén quedou subcampión da benxamín o Pádel Box Lugo Sala, no mesmo posto que quedou o



Meigallos na xuvenil, onde Xoel López foi escollido mellor xogador. Na nacional, o Acasti Reformas foi subcampión na xuvenil e Raúl Villar escollido como mellor xogador. Tamén na cadete recibiu este galardón Pablo Seoane.

O Circuito Jorge Prado acollerá o Campionato Nacional de Motocrós

O Circuito municipal Jorge volverá a ser sede do Campionato de España de Motocrós na súa categoría elite en 2024. A proba celebrárase a última fin de semana do mes de febreiro, os días 24 e 25, xusto dúas semanas antes do comezo do Mundial en Arxentina. A rexedora considera unha boa nova que a instalación municipal estea a consolidarse como referente no panorama nacional desta disciplina, o que axuda a difundir este deporte a nivel local e autonómico e contribúe a consolidar a nosa urbe como destino turístico deportivo.

“Tras o éxito da carreira do ano pasado na pista lucense, volveuse solicitar esta proba á Federación Galega e durante a Asemblea anual da RFME, celebrada a pasada fin de semana, aprobouse o calendario nacional”, explicou o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, quen destacou que a colaboración entre administracións foi de novo un dos puntos fortes da candidatura lucense. “Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación de Lugo non tiveron dúbidas á hora de sumarse ao Concello de Lugo e facer posible este evento, que se saldou cun ro-

tundo éxito deportivo e organizativo que pretendemos igualar en 2024”, sinalou o edil.

A gran cita galega será a segunda da tempada e constará de competicións nas tres clases superiores do campionato, MX1, MX2 e 125 c.c. Do mesmo xeito que o ano pasado estarán na grella os mellores pilotos nacionais e unha boa representación internacional, nun último exame antes de arrincar o Mundial. En 2023, Rubén Fernández subiu ao máis alto do podio por diante de Jorge Prado e Yago Martínez. Esta competencia volverá ser o aliciente da convocatoria, xa que a carreira de Lugo será unha homenaxe ao lucense, Campión do Mundo de MXGP, que confirmou a súa presenza na pista.

Está será a única carreira de pretempada na que participe Prado, quen deberá concentrar a súa pretempada e test técnicos en só mes e medio, unha vez concluída a súa experiencia americana no supercrós. O evento no circuito lucense servirá para homenaxear o título mundial e animalo ante o reto do Mundial 94, no que lucirá o número 1 sobre a súa Gas Gas.

JIU JITSU



O equipo Alpha Wolf Pack de Lugo presentou a tres atletas no pavillón municipal José Caballero de Alcobendas á Madrid Cup, ao open internacional organizado pola FIJJD (Federación Internacional de Jiu Jitsu). Luis Castaño, en cinto negro obtivo dúas pratas, nas categorías -64 con kimono e -73 sen kimono. Ademais do bronce absoluto de cinto negro sen kimono. Pola súa banda, Daniel López, en cinto branco obtivo o ouro nas categorías -70 con kimono e -67 sen kimono, ademais do bronce absoluto cinto branco sen kimono. O terceiro atleta, Alejandro Copa, tivo un combate moi complicado en primeira rolda e foi eliminado.

DE RUTA EN RUTA

Becerreá: Camiñando entre xigantes

Unha ruta circular para facer a pé ou en bicicleta, perfectamente sinalizada e que permite desfrutar de recursos paisaxísticos

Por Carlos Gegúndez

N Comarca dos Ancares, concello de Becerreá, antiga xurisdición de Cancelada de Abaixo, parroquias de Santa Olalla de Quintá e Santiago de Vilaiz, máis concretamente pasando polos lugares de Vilaiz, Balaxaz, Buisán e Casares, hai unha ruta para percorrer a pé ou en bicicleta, perfectamente sinalizada, mais aínda pouco coñecido e non rexistrado integramente polas aplicacións informáticas. Este sendeiro circular aparece seccionado no seu diámetro polo río Donsal, un dos afluentes que alimenta o caudal do río Navia e conta con recursos paisaxísticos, etnográficos e ambientais de enorme valor e recibe o nome de Ruta de sendeirismo Casares Vilaiz-Balaxaz.

Aquelas persoas que percorran este itinerario poderán gozar de recantos de extraordinaria beleza, especialmente se van no outono porque ao longo do percorrido atravesarán varios soutos de castiñeiros centenarios e frondosas reboleiras que medraron nas pendentes das antigas searas. Terán a oportunidade de beber as augas dalgunha fonte fría dos sebeiros ou pasar pola Vilavella en Casares, por alí está a mina da que Xabier Moure xa ten dada fe: "Uns veciños contáronme que cando eran nenos entraban con fachos acesos na longa gruta, abeirada ao principio por dúas camas de pedra onde durmían os mouros que custodiaban un tesouro". Este arqueólogo documentou no lugar un castro que data da Idade do Ferro, é o



punto máis alto da ruta e camiño de Vilaiz ofrece unhas vistas privilexiadas cara o leste, a maxestuosa paisaxe da Serra dos Ancares e os seus xigantescos cumios, o coñecido popularmente na zona como Teso ou Pico de Orro, é dicir, o Pico Cuiña (1670 metros), o Mustallar (1935 metros) ou a montaña dos Tres Bispos que alcanza no seu punto máis alto os 1794 metros. Ao longo dos algo máis de once quilómetros, compartindo case dous coa Ruta Quintá-Río Donsal,

o camiñante terá que afrontar un percorrido de dificultade media e poderá contemplar dous muíños á beira do Donsal, testemuñas daquel tempo no que os veciños levaban o gran de centeo, cebada, trigo ou millo e marchaban coa moenda, fariña e farelo para alimentar a vida dos seus fogares e ademais terá a oportunidade de observar a austeridade das construcións relixiosas como as capelas de San Xoán (Buisán) e San Martiño (Casares) ou a igrexa



parroquial de Santiago de Vilaiz. Contemplar as augas bravas e axitadas do Donsal cando hai crecida ou escoitar o seu remorso manso nos tempos de estiaxe, subir os Fontais e camiñar divisoando a cúspide das montañas ancaresas deixando ás costas os altos do Lago e Restelo, así é camiñar entre xigantes, unha oportunidade para entrar en contacto directo coa natureza e gozar da súa grandeza.

DATOS



4 horas



12 quilómetros



Dificultade media

Control de Miopía

Corrige su futura visión con gafas o lentillas

Revisate anualmente, el aprendizaje depende de la visión.



OPTICALIA

CALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA

Plaza Mayor, 8 - Tel. 982 252 580
Centro Comercial As Termas - Tel. 982 264 314

www.opticaliacallao.com